

Os fondos da prensa local: «O Antroido» e «A Fuliada» (1886-87)

XESÚS TORRES REGUEIRO*

A prensa é unha fonte de primeira magnitude para o coñecemento e redescubrimento do noso pasado histórico recente.

Afortunadamente, no Arquivo Municipal de Betanzos consérvase unha boa parte da prensa local betanceira, conformato unha importante colección, catalogada e estudiada, imposible de atopar en ningunha outra hemeroteca ou institución.

Dende que no 1883 Betanzos se dotaba de prensa propia co semanario *El Censor*, foron moitas as publicacións periódicas que viron a luz na nosa cidade. Prensa variopinta en canto a calidade, periodicidade, duración e intereses, como xa ficou de manifesto nos estudos que motivou (1). Mais, toda ela, calquier número de calquer publicación, é unha testemuña de primeira man para recoñecermos nela en canto reflexo, por moi parcial ou distorsionado que sexa, dun momento concreto de Betanzos, do pulso vital dalgún sector da sociedade betanceira.

Ademais de custodiala e conservala como un documento máis do noso patrimonio, entendemos que é un labor importante do Arquivo Municipal o procurar a máxima difusión do seu coñecemento, restrinxido normalmente ao erudito ou especialista.

Este labor comezouse no 1983, ao cumplirse o centenario do primeiro periódico local, *El Censor*, e facerse unha reedición facsimil dos seus dezaoito números, como suplemento do *Anuario Brigantino* dese ano. Tamén, pola súa parte, a asociación cultural Eira Vella publicou no 1993 unha edición facsimil de *Rexurdimento*, de gran calidade e con útiles índices de colaboradores e contidos. A través deste Anuario continuarase no posible este labor, publicando nas súas páxinas outros periódicos locais, começando por aqueles dos que existen poucos números, se atopen en peor estado de conservación ou teñan un especial interese.

Ponse así ao alcance do investigador, do historiador, do lector, do veciño interesado ou o simple curioso unha fonte de coñecemento, de información e mesmo de divertimento, sobre o noso inmediato pasado, que poderá consultar ou reler con calma e en calquer momento na súa propia casa.

O Antroido e A Fuliada

Os semanarios *O Antroido* e *A Fuliada* teñen un especial interese dentro da historia da prensa local por seren os primeiros periódicos betanceiros que empregaron a lingua galega.

Outra característica común aos dous é o seu tono satírico, palpable xa na propia cabeceira e incluso no título. *O Antroido* subtítulábase «Trangallada pra todolos xueves de todalas semás de todo los anos.- Amén», numeraba os diferentes números como «Antroidada» X, facendo honor ao título, e facía constar ademais estes versos, facéndolle as beiras a un curioso gravado que centraba a

*Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia.

(1) MÍGUEZ RODRÍGUEZ, José Antonio. *Historia y vicisitud del periodismo local*. Traballo do Instituto Laboral de Betanzos, de 1960, fotocopiado na Biblioteca Municipal de Betanzos. "Cien años de periodismo local (1883-1983)" en *Anuario Brigantino* 1983. "A Fuliada: brigantina y coruñesa" en *Anuario Brigantino* 1996.

TORRES REGUEIRO, Xesús. "A prensa betanceira" en *Anuario Brigantino* 1983, 1984 e 1985. "Os animadores da prensa local" en *Anuario Brigantino* 1987 e 1988.

cabeceira e composto por duas carautas sobre unha especie de soldado romano deitado horizontalmente:

A *Fuliada* subtitulábase «Cencerrada somanal- pr' os xueves d'o ano todo;- gratis, os que den un real;- y-ós que non.... cinco cas solo». A cabeceira era afnada máis «festiva» ca do outro semanario: Unha serie de caricaturas e deseños de músicos e instrumentos, cada un enriba de cadansúa letra do título, compoñían unha murga ben simpática.

Os dous semanarios imprimíronse no obradoiro de Anxel Amenedo Ponte, situado no baixo da casa número 7 dos Soportais do Campo. Constaban de catro páxinas, denominador común da prensa da época, escritas a dúas columnas. O formato era tamén semellante (34 x 23 cm.), agás algúmha excepción. O precio de cada exemplar era de 0'25 pesetas (un real, ou cinco cás). Contaban con pouca publicidade de comerciantes da localidade (a farmacia de Lafont, o fotógrafo J. Franco, o viñateiro Teodoro d'o Campo, o globista Claudio Pita...) e algún foráneo (a imprenta coruñesa de Roel...), que ás veces se facía en verso, como a do barbeiro Xosé Amado e a do zapateiro Xesoaldo Seoane. Os anuncios insertados en *O Antroido* van completamente en galego, mentres que en *A Fuliada* alternanse anuncios en galego e en castelán.

O galego que empregan é dialectal, sen depurar, cheo de castelanismos (xueves, estropaxo, hermosas, caballeros, tempos compostos con haber...) e enxebrismos e hiperenxebrismos (somanal, frebeiro, númaro, beilar, romedio, treato, mamoria, hastra, propea...). Xeralmente carecen de noticias propiamente informativas, enchendo o seu contido a base de contos e versos anónimos, colaboracións poéticas ou en xénero epistolar, con longas cartas dirixidas ao director, onde se pon a proba a incipiente prosa en galego. O resto dos contidos, anónimos case sempre, con irónicos e mordaces comentarios, onde non se soslaia a crítica ao goberno municipal, agrúpanse nunha única sección, especie de caixón de xastre, que en *O Antroido* leva por título «Comparsas e trangalladas» e en *A Fuliada* chámase «Bombas sin bombo. Nesta última tiñan cabida ademais, como pasatempo, as «Charadas», tan de moda na prensa da época.

Nas dúas publicacións détécetase nidiamente (alén do carácter satírico e chocante) un tono anticlerical e antiradicionalista, combatindo aos «neos»; a ridiculización dos costumes sociais e das modas da burguesía; a crítica de certas actitudes que consideran inmorais; a defensa do Liceo Recreativo frente á elísta Tertulia Circo; o mordaz enfrentamento co avogado e xornalista Hipólito Codesido, de ideoloxía neocarlista, director do semanario local *Las Mariñas*, a quen despectivamente chaman *As Morriñas*.

Ningún dos dous fai constar o nome do director, mais os colaboradores habituais son as mesmas persoas: Bieito Losada, R. Pesqueira Crespo e A.V.T., son as sinaturas que aparecen xunto cos seudónimos Abellón (que pode ser apelido, como tal existía en Betanzos a comezos deste século) e Bartolo. E é que, en realidade, estamos diante da mesma publicación con dúas cabeceiras diferentes que se suceden. De feito, o colaborador que se agacha tras do seudónimo «Abellón» aconselláballe ao director nunha das súas epístolas: «Tróquelle pront'o nome ó Antroido, que ben o merece.»

O Antroido aparece o 21 de outubro do 1886 e vaise manter durante dezanove semanas, alomenos. No Arquivo Municipal consérvanse unicamente as «antroidadas» 15, 16, 18 e 19. Esta corresponde ao 17 de febreiro de 1887, e fai unha alusión á celebración do Antroido que se estaba a vivir, reflexando o ambiente do momento e publicando a toda páxina un curioso «Bando» do Antroido. De xeito que a publicación escolleu unha data apropiada ao seu título para morrer: un xoves de Antroido, ao día seguinte «...da chorada morte d'o seu soberano e señor».

Un ano antes da aparición de *O Antroido* anuncíabase na prensa coruñesa a inmediata publicación en Betanzos dun novo periódico en «dialecto gallego» que se titularía *Os Labercos*. Debeu ficar nun proxecto, pois non hai constancia de que chegara a sair e todo fai pensar, incluído o título, que se trataría dun periódico do mesmo matiz ca *O Antroido* e promovido polos mesmos personaxes. Eran estes un reducido grupo de rexionalistas, dos que quizá algúns se atoparan en Betanzos por razóns profesionais.

*Por cinco perros ó mes
tés ANTROIDO todo' ano
e sin sair d'a lareira
á calquera mamarracho
que, con disfraz fai un home
e sin él é un estropaxo,
lle sacarás a carántula...
si afroxas antes os cartos.*

A Fuliada aparece en marzo do 1887, poucos días despois da desaparición do seu antecesor. No Arquivo Municipal só existen tres números: o 8, 13 e 20. Este último coñecido leva a data de 29 de xullo do 1887. Dende febreiro de 1888 (e non 1882 como figura na *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 14, pág. 162) publicarase na Coruña outro semanario en galego que chegou ao mes de xullo co mesmo nome de *A Fuliada*, subtitulado «Zanfona semanal - d'alegrías ou de bagoas, -segun qu'o pobo gallego - s'adivirte, canta ou laya». Esta non é a única coincidencia co seu homónimo betanceiro, pois imprimíase no obradoiro de Anxel Amenedo Ponte, agora trasladado á Coruña na rúa da Fita número 7, e tamén tivo entre os seus colaboradores a A.V.T., Roque Pesqueira e Bieito Losada, ademais dos betanceiros Manuel J. Lema e Fernando García Acuña. Todo parece indicar que se trata do mesmo proxecto fomentado polo propio impresor.

O erudito e xornalista betanceiro Xoán Gómez Navaza, contemporáneo destes semanarios, citaba ao «ilustre tipógrafo» Anxel Vázquez Taboada «de una ilustración poco común en los de su oficio» como o director dos dous periódicos que estamos a tratar. Efectivamente, correspón deseas coas iniciais A.V.T. que figuran colaborando tanto en *O Antroido* como no outro semanario. Vázquez Taboada, quen quizás desempeñaba por entón a súa profesión nalgúnha das tres imprentas que había nese intre en Betanzos, posiblemente na do propio Amenedo, é autor de *As noites no fogar* (A Coruña, 1886), colección de lendas e contos, e de *No fiandón, contos de todolos cores* (Lugo, 1899).

Roque Pesqueira Crespo era rexistrador da propiedade e poidera ser que exercera algúns tempo en Betanzos ou tivera aquí amizades. A súa obra ficou espallada na prensa, colaborando especialmente nas publicacións en lingua galega *O Tío Marcos da Portela* e *A Monteira*. Á primeira enviaba no 1889 unha poesía datada en Ponteareas, mais un par de anos antes databa en «Madril» un poema publicado en *O Antroido*.

Bieito Losada, médico e membro da masonería, o escritor máis coñecido destes tres, foi outro dos colaboradores destas publicacións, ben directa ou indirectamente. O seu poema «¡Boa feira!», insertado no número 20 de *A Fuliada*, xa estaba incluído no libro *Soaces dun vello* (A Coruña, 1886), o máis importante dos seus, que viña de publicar serodiamente aos sesenta e dous anos. Antes publicara un tomo de *Poesías* (A Coruña, 1876), este bilingüe. Aínda publicará outro de anécdotas festivas da vida rural, *Contiños* (A Coruña, 1888), antes de finar no 1891 na súa Compostela natal. Anos despois, o poeta avangardista rianxeiro Manoel Antonio refugará «o baixo e noxento ruralismo de Losada» no seu iconoclasta manifesto *¡Más Allá!* publicado no 1922 en parcería co artista Alvaro Cebreiro. Outros eran os tempos e outra a estética dominante ou as tendencias do momento. Con todo, o profesor Carballo Calero salva algún aspecto da obra do compostelano: «sabe moi ben o galego, que na súa pena lizgaira aparez dotado de doada naturalidade, i é un versificador moi áxil e solto.»

É de resaltar, pola repercusión que despois acadaría o seu autor, a colaboración de Eduardo Pondal no número 8 de *A Fuliada* cun poema titulado «A fada d'os montes», que xa fora incluído sen título na súa obra *Queixumes d'os pinos* (A Coruña, 1886), mais a versión que aparece no semanario betanceiro está moi modificada con respecto á outra. Xa Vales Villamarín chamou a atención acerca da reescritura que Pondal, eterno insatisfeito da súa obra, fixo deste poema para publicalo no semanario betanceiro, cousa por outra parte habitual no bardo bergantiñán que pasou a vida a corrixir e reelaborar a obra. Mais xa no 1872 Pondal publicara en folleto «A fada d'os montes» (Imp. Mirás, Santiago) en versión moi similar á do semanario betanceiro, só que con versificación diferente.

Chama a atención, por último, non atopar colaboracións (sen desbotar que as houbera noutras números que non coñecemos ou que se agache baixo algún seudónimo) do xornalista e poeta Fernando García Acuña, un dos precursores, xunto con Roque Ponte, da prensa local, quen un mes escaso antes da aparición de *O Antroido* viña de pechar o periódico republicano *La Libertad*, por el dirixido. É más chocante esta ausencia tendo en conta que Fernando publica no 1887 un volume de poemas bilingüe, titulado *Orballeiras*, sendo un dos escasos escritores locais que cultiva o galego neste intre e mesmo colabora noutras publicacións en lingua galega, tal *O Tío Marcos da Portela* e a propia *A Fuliada* coruñesa.

O ANTROIDO



Por cinco perros ó mes
té: ANTROIDO tod o 'ano,
e sin sair d' a lareira
á calquera mamarracho

que, co disfraz fai un home
e sin él é un estropaxo,
lle sacarás a carántula.....
si afroxas antes os cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMEN

Síñor direutor d' O ANTROIDO

Sonsa 26 de Xaneiro de 1887.

Meu compadre e parente, pol-os abellós:

Fólgome de que vostede é mail' a compañía non
tefan mala novedá. Por acó inda ben, soasmentes que
fai uns días qu' ando eibado d' o xuncros d' frato, e
por mais unto vello que lle arrimo soméllame que vai
de pesar. Coladas d' as mocedás que andan n-o lombo
d' os 'anos; e xa un non morra.

Ademirando quedei, abofellas, co-a leutura d' os pá-
rafos que me trouxo ó dítemo número d' o seu ANTROIDO,
escomenzando polo- o pirmeiro, qu' se titula
"Males d' a emigración" e rematando polo- o derradeiro
que copea outro d' o semanario docente, (Dios n' o
perdoe) *Las Mariñas*.

Penso contestal-ó pirmeiro cando esté esgabexado
de todo. Pasarei por riba d' os contos algo demais col-
lorados que lle siguen, pra enfuciar n-o que respeuta
os arrotoz d' o semanario dito falando d' o baile d' o
"Liceo".

Fagamos unha cuspida, e vamos ó eito.

Pirmieramente: tod' home ben aducido, sea aristócrata ou democrática, ou mesmo Xudas parido, cando
se chega á unha sifora ou siforita, xa sea n'un baile,
de máscaras ou non, xa sea n'un treto por mais qu'
o telon esté corrido, faino o-o sombreiro n-a man e sin
cobrirse mentras parola co-ela.

Pódes' esquerer este preceuto co-as enmascaradas,
porque d' estoncos non se trata d' a personalidá d' a
tapada, senón d' o desfrax. Mais si a tapada ou tapa-
das se dan á conocer privadamente, quedan n-o mes-
mo caso que si estivesen descobertas, pr' o qu' as
conoce.

E si o tal preceuto é xeneral, e conserva a sua
forza e vigor dende os nosos abós, e qu' a natural ga-
lantería repuna derrogar, quanto mais non debe ouser-
varse n'un baile de sociedá?

Essa non son "modas de Betanzos", miña xoya,
son leixas xa moi velhas que velen rexindo d' escant-
ar en todos os países civilizados. O contrario, no-

lasmentes pode ser desculpado n'un carrexon d' os
sacos.

Pro ainda hay mais. O decir, que si o mozo estaba
coberto n-o dito baile convérsoando con unha siforita,
era porque non se beilaba o aristocrático rigodon n'
aquele baile de botón flaco, é verdadeiramente fátno.
E un insulto embozado qu' o seu autor lança sobre
as persoas qu' asisten os bailes d' o Liceo. Cuestión
vela en poblações pequenos, pro qu' é moy conve-
niente o ventilar

Prisidindo xa de que n-os bailes de trangallada
público d' ese mesmo Madrid que se cita beilase o ri-
godon, baileado velloz e de siforas xa canas, correreime
polo fondo ruín qu' a frase asconde. En xunto; quixo
dizel- o autor de tal ornéo, que n-o Liceo beila a xente
de pouzo mais ou menos, á plebe verbi gratia, e que
por tanto non merece que co-ela se prautiqu' o pre-
ceuto de boa crianza espicrado. E que n-o Circo beila
a xente decente, a aristocracia, poño por caso.

Vamos á contas, e suprico a gracia d' o meu com-
padre e parente polos abellós, si son molesto.

Certamente que si s' asoma o peteiro pol-a porta
d' o salón d' o Circo un dia de baile, notase, polo
pronto certo cheirar qu' a moitas agrada, pro qu' eu
fuxo d' él como d' os defens, por estar asfiso ó aire
d' aldea. Este defento, producido pol-a falta de ventila-
ción d' o local, é levadizo mentres se recrea a vista
n-a aquel maravilloso raminete de nenas hermosas
e garridas todas elas. Pro xuro, que por moito que
teño alertado dende d' a porta dita, nunca pescudei
blason algun qu' as distingue das non menos en-
cantadoras e feiticeiras que fan as delicias d' o baile
d' o Liceo.

As unhas, com' as outras, levan por timbres
n-as traseiras d' os seus cochos, quen unha vara de
medir cruzada c' unha tixeira, sobre fondo de so-
monte; quen un tinteiro de corno c' unha pluma de
ganso atravesada, sobre fondo de papel sellado; quen
unha pencira e unha roca, sobre d' o lombo d' un porco;
quen unha lavativa e un almidre sobre fondo d'

O ANTROIDO

amargosas bágoas; quén unha alcuza de aceite cunha vela de sebo sobre fondo de pimento; quén....

Si os abós resocitasen, o tal visen, chorarian de gozo ó mirar com' o sol d' a libertade había vivificado tanto ingrato piollo.

Queda probado que respeuto de alcúrias por ahí nos vamos todos.

Supo agora que o señor oreador non se refirió á aristocracia d' o diñeiro; porque estócese podría ocupar unha butaca d' o aristocrático Circo, con mellor direito quizais qu' o orneante, algun cortador, muy honrado por certo, que en conozo.

{E de modales á custión?

Xuro n-o meu ánemo qu' entro n' esta materia contra miña voluntade. Pro temos que defendernos cando tan malévolamente se esparxan certas reticencias que poden facultar a un forasteiro, por elas engañado, pra tomarse libertades que, si n-o Circo parescerían extranas, moito mais ó serian n-o Liceo.

Razón ó canto.

En ningunha sociedade de recreo, e deixémonos de aristocracias e democracias, pois, como queda indicado, todos somos labradores e vecíños, en ningunha sociedade d' esa crase está admitido qu' os beilaris vayan alquilados pra beilar toda á noite c'unha sola xovent. Dende o mesmo punto qu' eso socede, ese baile deixa de ter as condicíos qu' a dencencia exixe; e moi to mais, cando esas mesmas pareixñas agarmanse n-o curro d' un sofá nos intermedios, co-as caras pegadiñas com-a rulos, todo á vista, cencia e pacencia d' as mamás, d' os papás e d' o presidente d'a sociedade que consinte que se ll' esperten esas marmotas ás siferas e esos gorros ós caballeros, sin respeito ó lugar que se occupa. Esto ten pasado, e por tradición sigue pasando, n-a sociedade *Tertulia Circo de Betanzos*.

N-o Liceo Recreativo non se ven esas cousas. ¿Onde está, pois, a decencia?

Non hay qu'enfadarse. As verdás non s' alcontran n-o perol de doña Quiteria: amargan sempre. Cerran os ollos e tráguenas, si é que lle queren poñer remedio á un mal que xa vai sendío vello e case incurable. Destiugámónos n-houratoa, pro pol-aducacion nada mais; porqu' aquél qu' o tén, ben o come.

Meu compadre e parente, pol-os abellós: xa sei que fui moi pesado, pro tamen sei que todo m' o perdoas; porque sabe qu' os seus desos son pra miñ leises, que me farán sempre baixalo-lombo, pr' o que poida servilo, com' é a miña voluntade.

Tróquelle pront' o nome ó ANTROIDO, que ben o merece. E manda.

Seu compadre e parente pol-os abellós,

ABELLÓN.

CARTA D' OUTRO MUNDO.

N-os Infernos, 4 26 de Xaneiro d'o ano 5887 d'o reinado de Lusbel.

Meu amigo Barolo: Collo a pruma, molleca en pez ardendo e escríbiche n'un papel que por enxas- liáto tepei aqui pra darche noticias miñas.

Xa che oyo decir todo admirado:—{Cómelo! ¡Inocente n-os Infernos!

Si, amigo meu; aquí eston como tiña que soceder, en cumplemente de certos principios sentidos pol-a vosa amantísima nai a Irixia; principios qu' ainda están en pé, por mais qu' a civilización, que despexa todolos camíños, xa deberá franquear un poco mais o d' o Céo.

Ben sabes, amigo Bartolo, que sin ser o que se chama un fanático, cumplira c-os deberes qu' os cregemos me impofian. Bon pai de familia, honrado, traballador, caritativo, nunca o diñeiro alleo se me pegara ás mans á pes r' de ser español e non tiña unha falta que botarme n-a cara. A enfermedá de que morrin, ti ben a sabes, era d' esas que producen os mais grandes doores. Sufrina con pacencia, pro xa ben confesado e ben comulgado (como quen di, ben comido e ben bebido), o door fixome dicir unha palabrota d' esas qu' están condanadas pola-relixion que profesades a maería d'os españoles, con intervención d' goberno e detrimento d' o bolso.

¿Quéntal dixo! O demo qu' estaba ós pés d'a miña cama tirándose d'os cornos doente porqu' eu salvábame, frotouse as mans de contento e sonriéuse como quen di: este xa caeu.

E así foi. Dende estóces lle pertenecen en corpo e y-alma. {Cousas d'a relixon! Si eu fuera mudo á estas horas estou n-o céo.

Un momento dempois d' haber esboirado aquela palabrota, estaba de viax' entre media duzia de démos bermellos e negros que me levaron ás reborcaldallas bastra das n-as caldeiras de Pedro Boteiro que, como sabréis, están n-o interior d'a terra polo d' agora e mentras a cencia non lle suba os alquileres.

Chegamos, e receiveunos un demo moi feo, quen nos fixo os honores d'a casa, porque non quita o ser demo pra ser cortés, e que dempois d' espetarme un tenedor salvo á parte, votoume n-a segunda caldeira.

¡Ay, meu amigo, qud baño! Cain, n-un mar d' aceite fervendo; pro éramos tantos os qu' ali estábamos qu' antes de que me cedesen o meu sitio, apabullei un obispo, qu' ali cando estaba n-a terra había feito e desfeito moitos conventos de monxes. Pedinlle perdon e contestoume c-na bellisco que me fixo unha roncha. Eu non me queixei, porqu' aquel door era un confite á veira d' o que me predicia o aceite fervendo.

Eu creo qu' á forza de millions de siglos acostumbráremos á vivir aqni, porque já qué non s' afai o home?

O mais doente pra nos e qu' os demos nos tran notícias d' o céo. Por certo que me chocou bastante o qu' un demo me dixo n-outronte. {Acórdaste de don Lucas, aquel usureiro veciño noso qu' había roubado á toda clá de persoas, e que matou de fame ós seus fillos e envenenou á sua muller? Pois estache n-o céo. A hora d'a morte fixo unha boa confesión, e agora anda paseándose con ánxeles e serafís polas nubes. Fai ti comparaciós entr' él e eu, e dime si non me fora mellor facer o que don Lucas e poñerme a honradez por monteira, gardando o arripienteamento pra a hora d'a morte.

Volvendo ás cousas d' aqui, direiche que com' hay moitos mestros d' o Señor, ármase cada batalla que parés qu' a caldeira se ven á baixo. Protestantes, xudíos, mouros, católicos, budhistas, etc., tiranse á

O ANTRÓIDO

testa canto atopen á man. Todos queren té'r razon; todos son os verdadeiros, os lixítimos.

Aqui témos tamen as nosas manifestaciós. Agora trátase de facer unha solicitú á S. M. Satanás pírmelro... e último, pidindolle que nos levo á caldeira onde ximen as monxas, porque, como din algúns curas que foron cabecillas, esta vida maldit' o chiste que tén: seis sacristás son os encargados de recoller firmas.

Onte falei c'un probe por quen n-a terra están dí-cindo misas á barullo, creendo que s' atopa n-o purgatorio. Porqu' o qu'él di, ese difeiro estivera mellor empregado en preitos ou en petroleo.

Preparamos unha gran soledád pr' o dia en que vela o cura Santa Cruz, á quem agardan moitos co-religionarios seus. ¿Qué dia pr' os calristas!

Poi-o demais, e salvo o chamusqueo e os belliscos d-as tenazas, vámolo-andando. Ainda teño que dar gracia porque non me mandaron ó purgatorio, d' onde, como non teño cartos, non salia luncia.

Acaba de chegar un condanado que, com' eu, na-ceu con mala estrela. Doull' a corazaoda de meterse á salvar douos nenos que s' estaban afogando, e pareceu co-éles n-a demanda. Esto pouco era, pro gy-o morrer sin confesión! Aquí está o *bustilis*. O caritativo salvador, así com' o maor d' os nenos que tiña xa sete anos, chegaron á Inferno. O outro neno, como non tiña mais que cinco anos, non se condanou, e foi ó céo. Si á sua nai se lle ocurre parilo dous anos antes non fuxé él d' o chamusco.

D' estes casos hay aquí á millons.

Pro vexo qu' a pruma se me vai queimando n-a tinta, e así outro dia m' espírcarei mais, concruindo hoxe por encargárcole moito que cando vayas á morrer non te esquenzas de facer unha boa confesión.

Sin outro particular, teu amigo.

MALES D'A EMIGRACION.

(Hectoriz d'a actualidá)

II.

Arrombada a roupa y-os papeles pro viaxe, non lle faltaba n-a sua gorxa temendo d' descubrir a afivación que sentia; mais d' cabo, rompendo ó silencio, dixolle:

—Algo che pasa, Mingos, cando vés tan triste; ti que sollo das tíñas para miñ...

—É verdade, Rosiña; hastra fai pouoco tempo, verte e sentir alegría afervallo armas n-a sangre, todo era un...

—Y-agora por qué non?

—Agora...

Mingos non pudo seguir

—No me nego o que pensas.

—Ay preñida adourada, bén quixer... pro xa que me mandas...

—Pois é, mánchocho y-obedeceas—insistiu con voz malsegura
Pois é—continuou o rapás—mais dinantes quero que me permitas non axixirte.

—Bán, acaba d' unha vés.

Non te apures, que nunca é tarde pra sofrir; eu levo pena do moito istis días cavilando en que non te de ver por algun tempo.

—Inda atinas n-aquel!...—respondeu colléndolle a man é mirández con tenrura coma si quixese apartar un pensamento d' a sua cabeza—gíndas pensas deixar o eido por ir á terras defor? non meu amante, non-o fagas, eíqui naceron os nosos pais, eíqui nacemos nós, y-eíqui debemos morrer; estes sitios que víron os nosos amores, onde pasamos horas tan risofas, xa non che agradan, queres trocalo por outro que non sabes como é; queres fixur... e deixarme soila!...

Rosiña qu' hastra estones pasara mil engustias pra conter-, romper a chorar, mentras Mingos co-as bágoas n-o ollos, respondelle:

—Non choras, meu sol, si me estimas; non te entregues ó sentimento si en algo aprecias a misa vida qu' é toda tua; marcha, mais e pra que á volta poíde levarte a eirexa e charmarte dempois misa mulher; n-aldea nunca xuntarei cartos pr' a casinha, ti ben vés que non-os hay, perdonázame que me vaya?

Unha mirada de cariño e pesar foi a remposta.

—Fala, meu regalo; qu' os teus beizos digan que si; y-anque as gorrinhas topen agarimo n-a misa y-alma cando esté lonxe d' tua veira, ó mémos terrei o consolo de que non me gardas xengira.

A moza suspirou.

—Dimo—insistiu o rapás bicándoll' a man que tiña antres—pol-Virxe d'o Cárme ch' o pido.

—Qué desexas de min, si miro que cantas pormessas me tíñas feitas van a trocarse en fume? non che basta o que padexo? jin- da pertedes que manifesto que estou contenta con que te vayas e me deixes... Por Dios non m-o repitas... ti eres libre, e si nada che importa unha mulher que tivo a disgracia de crérte fai—que queiras.

—Moito me afrixeo, pro xa non tén remédeo; pasado mahañ saio o barco, adios misa rulifa; eu non tes' esquercerei mentras viva; irá sempre a tua imaxe n-o meu corazón pra que me dea alento n-os traballois, elegria n-os pesares jadios... qu' o ceo te garde.

E mirández tentamente soparouse d' éla sin escotar remposta.

Rosiña quedou coma unha estauta, sin té'r ánemos pra cha-malo, hastra que se perdeu n-as revoltas d' o camiño.

(Concluída.)

COMPARSAS E TRANGALLADAS

Diego Corrientes, a Loba, Melgaras e demais familia non foron ladróns: foron *hacendistas*.

Si éles honberanrido tenera d' esperanza de chegar algun dia á mañexar ó difeiro d' o pais, ben seguro que non honberan andado á que salta por trampas e barrancas, espostos á querbar pol-a noz d' pescoso, sinón que cando tiveran a cobizada carteira collierian troitas á bragas exuntas.

Que lies facía falla difeiro porque gastaban mais d' o que debían, bó ramedio: facer unha recolleita d' moédo, vella de prata e ouro que tivera, por exemplo, 0078 de ley e volvélle á acuñar aumentándolle a mercra, o-o pretesto de facilitar as transacions d' o comer-ocio esterior.

Pol-o que se vai vendendo a economía política reducio-

O ANTRÓID.

se á mandar que "tanto capital que tén un cibdadano calquera en tales ou cales moédas, quede redocido ás tres coartas partes", si non atopa ocasión de canxealo á tempo ou emprealo en tabaco ou papel sellado.

Xa o sabedes: dende o dia 10 de Marzo próximo o que teña 20.000 réas en pesos duros, si se descoida, non tén mais que 15.000; conq' así dádeme a diferençia, qu' eu m' as arregrarei c-o Estado.

Co-a moéda de cobre ou bronce acuflada antes d'o ano 68 tamen reza o Real-dacreto, pro esta si ben é naceario unificala, tampouco se perde nélo pois cada 20 réas d'a vella pesa 24 ou 26 en cás grandes ou pequenos.

N-este momento teño á vista unha solicitude firmada por 146 principáes contribuyentes de Betanzos pido o restablecemento d'o tribunal d'a Inquisición.

Non hay qu' asustarse, amabres suscritores d'O ANTRÓID: leva a fecha d'o ano 1814, vai dirixida á Fernando o Desxado, aquél d'a naria longa á forza d' estirala pra clara a sangre d' os liberales, e ven inserta n-un número d'a *Éstafta de Santiago*, predéco que debeu ser abó d' outro que todos conocemos.

Busquei n-aquela istancia un apellido, e vífa retrocedo ou s' esquencera; eu lia ou solfeaba, *Q D si do,* e esquiríban n-a lista: *Q D se da.*

A certa farmacia d' esta poblaion levaron algun viño de Valdeorras, comprado n-un establecemento que non se cita, pra analizalo, resultando d'o análisis qu' non era tal viño sinón unha composición d'as que fan os tintoreiros, item mais, un pouco d' alcohol pra darlle forza.

Como a saude pública non val un pitillo pra os axotistas, ás autoridades locales corresponde velar por ela; e á este fin o señor alcalde debía dispor o reconecemento d'os viños que se venden n-o pobo, impoñendo correctivos á aquelas persoas que por encher a ucha non teñen reparo en envenenar pouco á pouco os consumidores.

Que si alguien lle chama viño,
será por decir: *chegou*
Riveiro, sin ser d'o Miño;
Castilla, por un camiño
qu' à Castilla non cruzou.

Por fin e como era d' esperar, ó paso que sempre levan, un coche atropellou n-a Ponte-Vella..... nada mais qu' un farol, por hoxe, qu' outro dia será un neno ou unha persoa maor.

Un xuxete qu' iba n-o interior d- vihículo vese precisado a detérse tod' o tempo qu' a antroidá, en uso d' as suas atribucions, creu necesario pra pidir a responsabilidade á quem a tivera, á pesar d' a inmunitá d' o tal señor, que por certo tivo arranques de moitos fumes e antri' elas o de pagar 80 réas impostos de multa ó condutor d' o coche polo desperfecto.

¡Bén pol-o señor alcalde, e bravo pol-o viaxeiro embosol!

Dinnos, sin que poidamos afirmal-a noticia, que tres inxenios d' esta localidá puxeron en apertura os seus maxis co-ánemos de facer un *despropósito* pr' o antroido (non o predéco).

Según noticias está bastante adiantad' o traballo, y-eso qu' algunos d' eles son bastante perguiceiros; pro así e todo, é seguro qu' o dia d'a cinza estrenaránse con éxito e proporcionaránlle unha boa entrada á sociadá *Liceo Recreativo* que logrará esté animado como nunca o baile d' aquela noite.

Témos entendido qu' antusiasta sociedá d'o *Liceo*, sin roparar en gastos, pensa facer ó noso tocayo o antroido un maníaco entero, en canto papexe o derradeiro ay, e se lle vaya co-él o último folgo.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Soportás d'o Campo, 7

TEODORO D'OCAMPO

—Segunda Calexa.—

UNHA GRAN PARTIDA DE VIÑO NOVO

DE TORO, SUPERIOR

á 6 cadelas pequenas neto

—e por maór á 36 réas a cántara.—

Valdeorras á real.



XESOALDO SEOANE

Sucesor de Farruco Pérez.—Ruatravesa.

Señoras e señores, nenos, nenas, os que queiran calzado bó e xitoso qu' hasta n-o andar á un exoxo fai garbosos faise aquí por millares ou docenas.

A barato e primor ninguen lle gana e á fino cando vai tomar medidas, e as qu' as toma unha ves, agradecidas son pra vitam eternam parroquianas.

J. FRANCO FOTÓGRAFO, LA REAL

Retratos á real! Alá vou eu á que saque a fisicón máis d' o rostro d'a miña cara ou carantoña.

O ANTROIDO



Por cinco perros ó mes
téz ANTROIDO tod o 'ano,
e sin sair d' a lareira
á calquera mamarracho

que, con disfraz fai un home
e sin él é un estropaxo,
lle sacarás a carántula.....
si afroxas anteses cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMEN.

Burricos, Febreiro 8 de 1887.

Amigo Inocente: Recibin a carta que pol-O ANTROIDO d' o último xueves m' escribiche dende os infernos, e abofellas, si a discrición que d' elas fas, non me puxo, de medo, os pelos d'a cachola tesos como fungueiros: dende estoncios o meu corpo parecia o d' un azoungado, e xa me contaba perdido si non chego á atopar un remedio que puxera pas n-a miña y alma e me barressa a intranquila que conmigo iba acabando a forza de cavilar. Pro Díos, quenance, esqueceu d' os seus, tocouse n-o corazón amostrándome unha lus pra sair d' a escuridá en que ti me metteras.

É o caso, meu amigo, que tendo que facer unha cova pra meter o cadavro d'a filla de Xacome Chupes, morta de nacida, oucurríuseme rexistrar a tua fochanca pra ver si estabas n-cla; e já non seria a miña admiración candoo dendeis de sacar a terra que te cobria erguiu a tapa d'a caixa e te vin' enteiro e mais teso qu' un cartón, dentro d' el! Aquí hay engano,—dixeu pri' o meu crataque,—e volvíñ á posher o conto como estaba pra que non entrase a pidemeas cos veciños, tan apestoso era o cheirismo que d' o teu corpo vombava. Largueime pouco á pouco pensando e co-as orelhas baixas en dreyitura á casa d'o crego pri' lla dar conta de qu' a cova estaba feita e maormente pra lla perguntar o que me pasara co-a carta e contigo. Pois ben: cheguei á sua casa e a primeira cosa—pois n-a non me cabía o pan n-o corpo—foi falarlle d'esta miseria:

—Señor cura: quixera que vostede me sacara d' unha dificultá que se me meteu n-a cachola.

—Cál é, Bartolo?

—Señor, qu' eu recibin unha carta d' outro mundo e n-ela dime o meu amigo Inocente Vexo, que foi parar ós infernos, porque n-a hora d'a morte, co-a forza d'a dolor bétou un xuramento dempoeis de s' haber confessado e comulgado.

—E ben, e qu'?

—Que pra m' acorrescar de qu' estaba n-o inferno descobrir a cova d' el, e vin' o all tan tesos e tan quedo como caud' o metia n-e...

—Certamente qu' o verias; mais non vichel-a y-alma, qu' é a qu' está penando pra sempre.

—Ay, señor cura! je d'estoncios porque vostede di ós filigrees, e a cartilla d' a doutrina tamen o reza, qu' os que van ó inferno van en corpo e y-alma?

—Dicímolo pra que.... ¿entendes ben? é porque os que tendes curiosidade por saber o qu' aló pasa sodes uns... burros, ¿entendiché? que nunca podredes como nos, alcanzar o qu' eso sinifica.

—Eso está ben; pr' ó cabo vostede non desfixo o novelo déixame n-a misma duda que tífa.

—Desfeito está, Bartolo: ¿non ves que si ti e os más d' a parroquia soubérades tanto com' os cregos, d' estoncios non me necesitábades pra nada? Ti sigue traballando como de cote, e d' esa maneira poderás dar moitas misas á Irexha, qu' é o principal, pra qu' as almas d' os teus parentes sallan logo de penas.

—Pro señor cura: si as almas non han de ser xusgadas hasta o fin d' o mundo en que todos nos hemos de presentar diante noso Señor e os mesmos corpos e almas que tuvemos ¿como pode ser eso de que desd' o auto qu' un morre xa vai dreitamente pr' ó ceo, pr' o inferno ou pr' ó purgatorio, caud' a cartilla d' a doutrina reza diferente?

—Digoche Bartolo, qu' eres muy lenguateiro e que d' estas cosas sabes tanto com' a miña besta: e desgállalo: j-lo ten ben, que nun botes a lengoa á pacer entr' os vecíños. Si tes cobiza d' o qui' eu gano p'co dirixir as almas encamuffadas pra ó outro mundo, non che teño culpa, estudearas pra crego é conto.

—Está ben señor cura; pro su non teño cobiza nin son leido, mais faíme cóchegas ó que vosté non m' esprixe...

—Basta de lería! qu' a culpa non é tua si non milha ó dar oidas á xentes ignorantes... Vaite se non quies que m' enfade.

Salin d' a casa d' o crego mais triste qu' a noite, pensando en qu' me iba sacar o emprego d' enterramortos por lle facer perguntas ás qu' él nin naide pode contestar; mais dempois que votai un coartero d' aguardante xa me puixen adute e caviloi qu' anche m' o

O ANTRÓIDO

quite, eu teño forzas n-as mans pra traballar com' has tra aqui e dírlas ós meus filíos broa e escola: pro si s'a xente abr' ó ollo e s' adécate que mil demais de náda val todo canto fai... como sudol quédache lucido sin saber mahexar ó legon...

Xa se fai demasiado longa esta carta, mais antes d'acabala, debo darll' as gracias ó redactor d' O ANTRÓIDO que s' valeu d' o nome d' meu amigo pra me bromear e metréreme medo co-o inferno: ben as merece por que, digo a verda; s' él non é, estaria tod'a vida metido n-a calle d' as bestas.

BARTOLO.

NON FALES D' ESO.

(CONT.)

I
Aló, unha tarda
Fai algum tempo,
A garridinha
Ross d' Anxelo,
Gardab' o gando
Qu' está pacendo,
N-o chan deitada
Pilland' o fresco,
Baixo d' as follas
D' un castiñeiro.
Mellor paraxe
Non pode habelo;
E-vos un campo
Tras d' uns penedos,
Onde hay carballos,
Chopos e texos,
Vimios e buxos,
Chorons, laurieros,
Moitos froitaes
Grandes, pequenos,
De cantas castas
Podás querelos?
¿E de páxaros?
Hai-nos á centos:
Sirins, labercas
Xilgaros, mélros,
Pombas, carrizos,
Pardillos, petus,
Curuxas, mouchos
E lagarteiros.
Acolá en baixo
Sobr' o riqueiro,
Feito de taboas,
Vese un pontallo
Xunt' o muíño
Que está moendo,
De verdes ed.'s
Todo cuberto.
Ons ali atruxos
Cántegos, berros,
Qus dan os mozos
Que van dirites
A unha rrada
Qu' hay en San Pedro;
E os cans que ladran
Xunt' os palleiros
Mais este diste

Sólo de lexos,
Pois cabu Rosa
Todo está quedo;
Nin unha folla
Sacod' o vento.
E sólo a auga
Qua leva un rego
Limpia, crara
Como un espello
Vai entr' as herbas
Rebullecendo.

II
Era Rosinha
Roxa d' o pelo,
Cara fidalgia,
C' uns ollos negros
Mais qu' as amoras
Madurecendo.
Brancos os dentes,
Labres bermellos,
Com' as cereixas
Son n-o seu tempo.
Fina d' o corpo,
Resia de peito
E direitña
Como un esteo.
Leva vestido
Pano marelo,
Dengue escalrata,
Dourado adreso,
Camisa branca.
Fino mantelo
Aylera Rosa,
Válam' o ceo,
A mais garrida
Moza d' Oleiros...
D' Oleiros dixen!
Nou, non é certo:
Dende Betanzos
Hastru Monelos,
Ganando á volta
Muito más lexos,
Por Vilaboa,
Anceis, Albedeo
Nós, hastra Guitiños...
Non toparemos
Ucha rapaza
De mais provecta,

Mais cobizada
De mellor xénio.
Enque deitada
N-o chan avévensos
Ela non dorme
Nin moiito ménos,
Que ten entrambos
Ollos abertos.
¿Qu' é o que lle pasa?
Non sei; direitivos,
Qu'ela respira
Decote á eito;
Qu'os seus ellíos,
Da bágicos cheos,
No chan encravava
Sen conocelo;
Qu'algo lle bulle
No pensamento....
— É mal d'amores?
Xa o saberemos.

III
Quedo, axecando
Tras uns cosedos,
Estaba o mozo
Xan de Lourenzo.
Saleu d' a casa
Sendo inda neno,
E d' unhas terras
Qué non relembro,
Volvے un home
Feito é direito,
Con algunos cartos,

Pol-ó Xaneiro.
D' unha pernada
Brinc' o portelo,
E cabo Rosa
Foise moi teso.
Xan non vos era,
¡Lévem' o demo!
Nengun queicoa,
Nengun baboco,
Nin unha migia
Curto de xénio.
Moi pol- contra;
Era un compreto
Rapas d' as festas
De moiito xeito,
Cacho d' abondo
Moi paroleiro.
A caron d' ela
Foise poñendo,
E agarimouse,
Pilluoll' os dedos,
Que ll' estricaba
Sin retorcerlllos.
Un bon anaco
Caberón quedos;
Pasou un pouco...
Xan, medio cego
E papexando
Com' un tatexo,
Dixolle:— Rosa
Xunt' ti veflo,
Para contarche
Tod' o que penso.

(Concurirase.)

MALES D' A EMIGRACION.

(Historia d' antualidá)

(Concursión.)

III.

Pasou o tempo.

Mingos entrou n-as quintas; e como non acodiu ás cidades que lle fixeron, y-ademais naide puxó execución pra libralo d' o servizo d' o rey, a xusticia tomou man d' os poucos bés que fhan os pais, sendo tal a pena que estos sintiron, que non podendo resistir ese aldraxe, baixaran á cova un á seguida d' outros quince días despois de feito o embargo.

Rosinha, presa d' un maleconio, ben pronto lle debía facer compaña, pois non tiña forzas pra voz con indefensa a desgadea d' os pais d' aquél á quem tanto quería e que en pago d' o seu cariño, lle deixara o recordo de dias mellores.

Unha mañá ergueuse como sempre á saída d' o sol, lavouse peinouse e foi botar millo ás galifas, cando reparou qu' o cartero traxa un sobre n-a mar e camifalaba en direntura á casa d' ela; e o curazón doulle un branco de loxuria e correu o seu encontro:

A carta era de Mingos; vilia d' o Rio Xaneiro, e dícia assim:
"Mifa querida prenda ó tubo do dasazas dnas do mero dia que a fertusa de chagar vivo á esta cibdá, n-a que pidín habealoo sin que naide m' escotise; cheo de fame metinno mero d' corda, pro tamén passei moiitos días sin ver o pan; hoxe gasei dous reas, e os que compré alígo de comer y-as menesteres pra chea esquibir, cal era o meu desejo, e dicirche que drouto d' unhas zozanas, volvér a esa misgüela terra. Quero verla, meu test, e pedirle gardón por non seguir o seu consello."

O ANTRÓID

—Dalle muitas memorias a teus pais y os meus, e recibe unha aposta d' o que te adora. —MINGOS.

Rosa liu o relou o papel sin poder apartar os ollos d' el, entranhada que decia para si:

—Coitadinho... ó fin virá; pro xa nou ter pais; él non o sabe; él coita que inda alentan, é val a levar o mais fero d' os disfrazos; eu debería esquecelo, mais non podo; que bô mozo era!

E reifusionando d' este xeito, gardou e carta n-o bolillo d' a saxy, sin darlle conxemento d' ela a seu pais.

O promediar un dia d' o més de San Mingos, catro meses demais d' os acontecimentos xa ditos, un vello, descalzo e con roupa en anacos, chamaba a porta onde estiveran os pais de Mingos. Aquel vello era o seu fillo, que estones tina vinte e tres anos. Coimo naide lle respondese, buscou ás seus parentes, os qu' o enteiraron d' a morte, asombrándose de miralo tan "proibido" e dándolle caixa e comida.

Mais tarde se arrepenía d' a sua falcatrua; a fame que passara lonxe d' a terra, arrimáraselle ó peto yos dous días -slimorreu sin té o pracer de que Rosinha accollesse o seu derradeiro suspiro.

Eu confeso qu' ó contarre esta hestoria chorei pensando cantes hay que sofrer a mesma sorte que Mingos por guiarse de galopos que lle fan ver o que non é; por dar creto a mintireiros que sin concencia nin amor ó santo lar onde naceron, gózanno en total-o pol-o mundo adiante pra qu' a morte faga a súa colleita yos negociantes de sangre humana e avorteiten zungandolle batra a derradeira pinga, facéndolos traballar noite e dia e despidindoos cando xa ven o pastasma d' a enfermedá en col d' os infelices que, obedecendo estondes a voz d' o deuso, volven á pátres, si dinantes non deixan állos os hóspedes.

Einda haberá gallegos que soñen con trocar esta terra onde ó teó derramou toda clás de bondades, por outra que, aunque sea boa non pode ter comparanza co-ela?

Einda haberá quén atenda as barballoadas d' os tratantes de xente?

:Dios o faga millor!

R. Pesqueira Crespo.

COMPARSAS E TRANGALLADAS

O sábado último celebrouse en Aranjuez, baixo a presidencia d' a reina rexente, unha festa pra comemorar a fundacion d' Asilo d' horfes de....

—De probes albañiles ou carpinteiros desgraciados n-as obras?

:Cá!

—De mariñeiros navegantes ou pescadores?

:Nin por asomas!

—De mineiros, de traballadores d' os caminos de ferro, d' industriais d' artistas?

—Non-o acertades. Os fillos de todal-as clases que citáchedes, quedállas por herencia ó morrer seus pais.... a caridá pública ou a oficial, e aqueus pais fundaran un asilo pra eles, seria c-os seus cartos e non-o costearia o Estado con 155.860 pesetas, qu' é a cantida con qua vosoutros carpinteiros, albañiles, labregos, mariñeiros, mestreiros todos, auxiliades, mal que vos puse, o tal asilo, porq' así o dispuso vos administrador e tutor o Goberno.

Mafan, si ó topares n-o alto d' unha estada, oí leitando coas das d' o mar, ou abriudo un tunel, su-

cumbides; si a forza de baixar o lombo sobre a caixa d' a imprenta ou sobre a pedra d' o litógrafo morredes físicos, vo-los fillos, ó estender o puchón furado pola velleza, en demanda d' unha limosa que non alcotran, volverán os ollos cheos de vagos contra o céo buscando n-él o voso espírito pra maldecirvos porque non tuvéchedes o acordo de fundar un asilo pra os fillos do traballo, e infruxo bastante pra lograr qu' o Goberno, por medo, por preferencia ou pol-o que sea, axundase a benéfica emprisa con 155.860 pesetas ó ano.

En boa hora que, pol-a iniciativa particular, s'establecerían sociedades de protección pra todal-as personas e pra todol-os fiis d' a vida; pro, ¿porqué o Estado, que moitas veces pon travas ás asociacions populares que teñen por oxento defendese d' a miseria, fai de padriño n'un asilo d' horfes de militares, regalando talladas á costa d' o país?

É a clás militar a mais nácesaria e benemérita d' a patrea? Ainda qu' o fora eran inxustas as preferencias. E, quizás, a que, menos probabilidade ten de poder facer economías pra deixar ós seus fillos a subsistencia asegurada? O contrario, porq' as pagas d' os xefes e oficiais gardan tal desproporción c-o que producen industrias, comercio, profesións e artes, que mele cobiza á todol-os demais cibdadanos d' asentar pra-za d' alferes ou xenerais.

D' estones, ¿cómo se xustifica ese luxo e esas preferencias en favor d' unha sola e úneca clás d' a sociedá? ¡Ay, xa cayo d' a burra en baixo! Eu, creo, e Deus m' o perdoe si m' equivoco, qu' é porque constituindo esa clás a forza pública conven agasallala, porq' an-a sua man está facer ou destacar, e así mesmo facian os Cé-sares romanos c-o guardia pretoriana; pra conservalo de poder.

Pobre país n-o qu' os gobernos teñen por pauta, non a equidad e a xusticia, simon a especulación d' apadrinar e proteixer unha clás.... porque si, mentres se esqueno d' as outras que ximen estruxidas baixo d' o engranaxe d' a máquina administrativa, e non figurán mais que pra sudar e pagar, sumandoas ou restandoas n-as uchas sin fondo d' o Erario.

A duas persoas d' esas que por desgracia sua creen pouco (ou non crén nada) d' o que os cregos padriican, chámoullas a atención qu' un d' esta clás, d' a aldea, vestido de señor con sombreiro hongo e todo, se fose a sentar, o dia d' o primeiro, frente a tenda qu' os protestantes poñen os dias de feira n-o cantón de San Roque, pra vender libros e padrícar a sua relixon. Passa eu por ali, e perguntáronme aquela o meu parecer acerca d' o asunto; espriquilleis que había tifa de particular, pois cumpría o crego co-a sua obrigación coidando qu' as suas ovelas non fosen á pacer n-quel prado, n-o cal había herbas dañinas. Votáronse á rir e fixeron bulra de min, dicindome que non sabia d' a misa.

—Non ves, burrap, —me dixerón—que si as oveñas teñen fó n-a herba qu' o crego lle d' pouco importa qu' un d' outra relixon lle diga qu' a herba sua é millor? Pro como non-a teñen—siguiron dicindo—porque si lle dan herba que lle enche o estómago d' a alma, en cambio lle enchen o estómago

O ANTROIDO

d'o corpo co-a láz qu' as ovellas criau á força de traballo; d' ahí qu' éstas anden buscando, e non atopen, por bestas, o medio de qu' a láz lles quede pra manter os fillinos e pagal-as contribucions, e non pr' o crego, que maldit' o que suda pra se dar boa vida de folga, mentras qu' o probe labrego suda sempre co-traballo e come peor qu' os porcos n-a vila.

—Sodes uns Xudas! —berrei fora de min,—e desde hoxe desprececo a vos' amistá: burrancs sodelo vos-outros, que non acabades d' entender qu' o crego hay que mantelo porqu' é un home com' os mais e vive d' o seu oficio; e si ben é certo que Xasucristo lles dixo que "desen de valde o que de valde d' El recibiron", aviados estaban os probóns si non comeran e roeran por conta d'os filigreses; os cales, ó fin e ó cando, canta mais penuria, fame e miseria pasen n-a terra, maor será o quifón de gloria qu' aló han d' atopar.

Así falei, e funme facend' o propósito de non parolar xamais con xente tocada pol-o espírito d' demo, é decir, d' o progreso.

Síllies contestei ben ou mal, como católico romano que son, os leutores o dirán.

Si topades n-o camiño d'a Enfesta e dempois d' anoitecido unha certa individuo que c' unha cesta ou un bulto calquera n-a cabeza somella, andando de Ceca pra Mecca, que vai á algún mandado, chamadevos á engano, porqu' a tal é unha buscóna, com' as chama-ba o meu compadre Quevedo.

A outra noite, sin ir mais lexos, topouna un meu amigo e dempois d' un rato de lería, vendo elas que non le saian ven as contas, sacou d'a liga un chisme de cortar, e non sei eu en qu' houbera parado o caso si o tal non lla dá sebo ós pés.

O rapaz non foi prudente,
pois co-estas raparigas
asi de xenio diante,
é bó rexistarill' as ligas.

Chamamos a atención á nos' autoridá local e sobre todo á policía, pra que vixilen os pasos de certa mulller que, co-agullo de pidir limosna, entra n-as casas pra facer d' as suas.

Onto mesmo socedeu o que referimos n-a casa d' un noso amigo, e pol-o que se di á mulller é de malas mañas e o seu home estivo compromido fai pouco tempo n-unha cause criminal.

—Síñor Nuñez, vosté qu' é cabo d'a ronda monicipal, poñ' á bon recaudo á individuo de que falamos.

Gracia qu' esperan alcanzar as portas e pechaduras, e pol-a que... etcétera.

Si autoridá se levantara cedo un dia de feira e quixera dar unha volta pol-os Portás d' o Campo, viria qu' os vecíños d' a Calexa sin salida quedan encumbrados hasta media maña co r sto d'a vila, porque lle cerr' a entrada a feira de xuvencos qu' allí se fai.

—Poderá remediar est' abuso? Nosotros cremos que se remedará.

A hora de cerrar este número, aiuda non cagán ó chan media ducia d' esqueletos de casas que, unhas apuntaladas y outras sin apuntalar, están esperando á que pase á veira moita xente xunta pr' aplastak.

O qu' élas din: "Xa qu' o señor alcalde non fai caso de nos, habemos de facer unha que sea sonada."

O baile d'as Candias n-o *Liceo* estivo bon, non, BON: tratar de describirlo é unha toleria, porque non temos palabras bastantes pra dar colorido á aquel conxunto de bón gusto, hermosura e elegancia. Estou, como rey, ben satisfeito! Pidir mais fora xa galdrimeirada! Adiante, rapazas e rapaces, qu' eu logo morro e despois... compansas por gaitas!

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

J. FRANCO

FOTÓGRAFO.

63,—Rua-Nora,—63.

Escusado é dicir a prefeucion e esautitú con que dito fotógrafo executa cantos traballose se ll' encargan, como tamen a nunca vista baratura no preceo d' as suas obras.

Sigue retratando o mesmo os días de sol como n-o nubrados ou chuviñosos.

Retratos á REAL.

XOSÉ AMADO

36,—CANTON GRANDE,—36.
BETANZOS.

O repito, anque xa o saben vecíños e forasteiros:
titolo de profesor
pra arregrar barba e cabelos,
o público dá en xusticia
a Xosé Amado o barbeiro,
dineco que vai co-sigro
n-a elegancia e n-o bó xeito.
El non escatima os carios
en perfumes estranxeiros,
en xabons d'última moda,
en navallas y-en cosméticos.
Entra n-o establecemento
con polvo n-a chola un vello,
y-dos dez menutos ve un xoven
en un manífico espello.
O que veña de Madrid,
de Paris ou de Burdeos,
si vai á sua barbería,
non bota nada de menos.
Si él chega á saber qu' o alabó
rábea, porqu' é moi modesto;
mas en berro: *Nen plus ultra*
Xosé Amado entre os barbeiros.

O ANTROIDO

Por cinco perros ó mes
tés ANTROIDO tod o 'ano,
e sin saír d' a lareira
á calquera mamarracho



que, con disfraz fai un home
e sin él é un estropaxo,
lle sacarás a carántula.....
si af roxas antesos cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMEN

OS CHISTOSOS.

Dí un refran qu' o fruto malo abonda moiito, e aten-
fiéndonos á sua moralexia moi cativo debe ser o fruto que
ten por nome o epigrafe d' este articulo si pol-a abon-
dancia que d' él hay habémolo de xuzgar.

D' a abundancia d' él todos podemos dar fé, por-
qu' a metá pol-o ménos d'as persoas que trata calque a
son ou pretendem ser chistosos.

Passmos por alto os que teñen ben merecida a pla-
za de tales; aqueles que por temperamento e inxenio
extraordinario, teñen sempre unha agudeza n-a punta
d' a lengoa d' esas que fan rir os homes sérios e d' o
talento; e non ós totous que se ríen d' a ríea, e vamo-
s a diseñar en catro garabatos o retrato d' os chistosos
por forza.

Moitas concausas pode haber que empuxen e dici-
dan á unha persoa á adoutar n-a sociedá o corauer
de faímerir; pro entre elas podeseptiferse con-rionque
figuran a adulación d' as xentes inferiores en posición
ou instrución, sempre dispostas á botar a caraxada en
canto apunta un chisto aquel de quer esperar en te-
men algo; a cibildá d' alguns pais que crén e fan
crer ós seus fillos que son moi agudos, e, en todol-
os casos, a falta de criterio proprio pra xuzgar si o qu'
un mesmo di ten ou non verdadeiramente gracia.

O chistoso ama a fama de tal tanto ou mais qu' o
publicista, o poeta, o artista, e está sempre disposto
á sotela, non parándose en barras cando da facer rir
se trata; pol-o ragular a tela que magoan as suas ti-
xeiras é a qu' o home xeneroso sempre repeta, a
dibiliadá e a disgracia; entremezcalos seus ditos con car-
axadas forzadas ó modo de ruído de matracas, sendo
sempr' él o primeiro qu' os celebra, facendo así d'
apuntador d' o auditorio, e si dempois d' exprimir
moit' o seu laixin non lle sal unha alcurriencia ó seu
gusto, entón rebusca alcumes que poser ás súas víti-
mas ou inventa algunha calunia, reservando sempre
pr' a despedida o dito mais salpimentado e a risotada
mais forte.

Cundo atopa con algun contrincante, non perde de
vista que xoga a sua lama de chistoso, y-entón, so-

brescidad' o cerebro pol-a presuputiva d' a batalla,
queim' has.ra o último cartucho, é dicir, bota man
de todol-os recursos d' o seu maxin, convirtindose a sua
boca n-unha batería pol-a que salen, á modo de pro-
yeutiles, calunias, insultos, alcumes, risotadas e hasta
baba venenosa, e si n-aquela desposition mordese á
algunha persoa, é seguro que lle pegab' a rábea.

Estes tales chistosos, á forza d' andar á caza de
defuntos alleos, adquirir o carauter vixilante e agre-
sivo d'os individuos d'a raza felina c-cs que teñen al-
gun parentesco polo istinto dafino; pro non todos
por fortuna d' a sociedá, chegan á este extremo, por-
que tamén hay outros chistosos qu' anque collean d' o
mesmo pé, teñen boas condicíos morales, e más qu'
outra cosa son monos d' imitacion, sin minga de
meollo pra sacar á relaçir unha agudeza propea, vin-
do á ser así como uns enciclopedistas de cantas paro-
las e ademáns ven n-os outros e cren que teñen gracia.

Cando a manía de ser chistoso avécifa n-a cacho-
la d' algunha muller, o demo que cargue co-ela por-
qu' o mal sube de punto, pois sendo a sencilles e o
candor as maiores gracias d' a muller, os ditos mali-
ciosos e ás veces oscenos son mais ben unha fealdá
qu' unha gracia, qu' a somella á unha tarasca ós
ollos d' os homes de bó xuicio.

Moito me queda n- o tintisiro, que non querio es-
quirbir por si as señas me saen personales de mais; e
como por outra parte o que vou dicindo é más verda-
deiro que chistoso e a verdá resolu sempre amarga,
ceibo a pruma, protestando ós meus loutores que nin
son chistoso nin pretendo selo.

Foiivos verdade.

Serian as dez, peroce mais ou menos, d' unha noi-
te d' o mes de Febrerio, cando na boniteira parro-
quia de X.... lle occidiu á Pedro o qu' él mesmo me
cucou.

A claridá d' a lúa que alomaba todol-os paraxes
d' a pequena aldea era tanta, que Pedro, esquecendo-

O ANTROIDO.

se de qu' había ma's xente n'o lugar, atravesou su medo e sin arma nin pau ó pinar que chaman d'os Defuntos. N-a y-alma de Pedro vulia solo o recordo do Teresia qui' o esperava n-a porta d'o Pozo Grande, e non se decataba que n-o mesmo pinar viñanse de noite as irañenes d'os hom's e mulleres que mataron ali. C-o pensamento fixo n-a nena que segun él agardabao con ansca, caminaba pol-os silenciosos carreiros d' a campiña c-os ollos cravados n-as longas torres d' o Pazo, que se descobrián aló por entre uns árbores.

Non había satisfucion que chegase co-a qu' o rapasentia d'estoncias, nin alegría n-o mundo que s' asemellase á que lle predecia a boa conduta que sempr se veu en Teresia; ela víñica di-a que falar nada á xente d'o lugar, e a'mistade que lle tifia á Pedrito —qu' así lle chamaría,—nacera n-o fondo d'o seu corazón c-os seus primeiros anos.

Así, pois, siguiu Pedro, envolti a imaxinacion sua en tenras ilusioes, cando traspofiendoo os castaños que lle sirven á Casa-grande d' adorno, chegou á vel-o Pozo Grande; n-a porta principal descubreu com, ó modo d'un bulto que non soupo reconocer, pro que maxinou fose a rapaza: acercouse mais, e trembando com a varia que sacode o vento escondeuse tras d'un penedo pra mirar ven o que lle parecia un sono e non unha realidade. D' ali á pouco, limpando o sudor que lle roubaba os folgos, comenzou á chorar como un neno, e case sin sentido enti as herbas qu' esmaltaban o prado que chaman d'a Fónta.

Acababa de ver.... á Teresia que falaba c-o señorito d'o Pazo!

Cando á mañá siguiente a xente d'o rieuio soupo a disgracia que tivera Pedro ó pasar o Pinar d'os Defuntos, xa ó rapaz lle facía falla a protección d' o médeco qu' accedeu moi lixeiro en axuda d'o mozo mais comprido d'a parroquia. Todas as perguntas que lle facía o doutor respecto á docencia e a fantasma que se ll' aparecerá a noite en qu' o atopou como morto n-a cabeceira d'o Prado d'a Fonte, tiñan por resposta un suspiro longo e lastimero que fuxia d'o fondo d'o seu peito, e solo algúna ves escramaba:—“Teñio unha ferida n-a y-alma que vostede, lonxe de sanala, inda m' desgarrá mai².

Xa o leutore terá adivinado qu' o médeco era o señorito d'o Pazo.

Pedro forá sempre un bon mozo, e anqu' era na aldea o ídolo d'as rapazas todas, ós poucos meses tivo que deixar a terraña por mor de non ser pillado polo médeco, pois este alcountrou unha noite á sua mulller que.... falaba c-o prometido de Teresia.

Hoxe Pedro está de camareiro nun d'os millores cafés de Madrid, y-é o qu' en tal establecemento sirve aquei sabroso líquido ó autore d' est' esquiro.

Maçal 30 de Nadal de 1887.

— 3000 —

NON FALES D' ESO.

(CONTOS)

Concursión.

Eu estou tele,
Eu estou lalo,

Cuas que non durmo,
Sinto no péito

Tal celouquio
Cando te vexo,
Que me asemella
Qu' estou morrendo.
Ay, miña xoya,
Canto te querío!
Di—gasm' un bico?...
Rosa moy quedo
Dixo, entr' os dentes.
—Non, mintireiro...
Todos os homes
Sodes ó mesmo,
Vaite, Xan, vaite,
Non fales d' eso?
—Qu' non che fale?
Non che dou creto,
—Ves com' as rulas,
Nós ameneiros,
Amorosínas
Nos dan exemplo?
—Ves com' axuntan
Os seus peteiros,
E estanse dando
Bicos á centos?
—Dásimo, Rosiña...?
—Non, iuxa demo,
Fágochi a figa,
Erte lixeiro...
Vaite Xan, vaite,
Non fales d' eso
—Ou, desleigada...
Si, agora mesmo
Voume e non volvo,
Voume moi lexos;
De soedad s'
Morrei presto....
Añios... Non fagas
Qu' en xuramentos,
Chame bastra os diaños
Todos d' o inferno.
—Xan, non te vayas,
Volve... ¡Eu toleo!
—Non ves que choro?
—Non ves que peno?
—Ay! Por a Virxen,
Non fales d' eso.
—Di que me queres...
—Ti, que eres meigo
—Non ó adiviñas?
—Bool! cabé quedo...
Esa man tira
D' o meu hombreiro....
—Vaita meu fillo!
—Non, xa me quedo,
Miña vidúa,
Meu pensamento.
Pidiñch' un bico...
(Dásell' a un neulo)
—Non queres darmo?
Ben, roubairicho...
—E si ch' o voubo?
—Destoncelo, bueno;

Sendo roubado
Culpa non teño;
Tocant' a darcho,
Non fales d' eso.
O que passara
Dempois, calemos,
El era lume,
Ela tomentos
E axiña, axiña,
Soprou ó Demo.
Eu, sólo pudo
Contar de certo,
Qu' à o fin a nena
Nin dou un berro,
Nin mais lle dixo
Non fales d' eso.
Aquela tarde
Posou n' un verbo;
Cando acordaron
Viron n-o ceo
A crara lúa
Que s' iba erguendo
Por entr' as follas
D' os ameneiros.
Forons' a brincos
Como coellos:
Cando chegaban
D' a casa preto,
Dixolle Rosa:
—Xan, teño medo
De que me mintas,
T'or eso quero
Que ti me fagas
Un xuramento.
—Cal?—Que lle fales
A meu pai, presto:
Mais entramentras,
Mafian espero
Xunt' o muíño
D' os castiñeiros.
Xan dand' un brinco
Como cadelo
Que ventá lebre,
Dixolle—(Demo!)
—Eu xurar, Rosa?
—Boa game teño!
A as basas noites,
Tocante a vernos..
Mais, non ó pense
Non fales d' eso.

IV.

O fin d' o conto
Qu' o cont' o crego
Pois bón ó sabe:
Eu calareino
Pois esquencino
Fai algun tempo.
Fégoll' a todos,
Mozos ou vellos,
Qu' anque s' acordea
Non fulen d' eso.

BENITO LOSAS

COMPARSAS E TRANGALLADAS

Di *O Imparcial*, de Madrid:

"O cidadano francés, viciño de España Mr. Agustín Bernard y Cotant, xerente de duas sociedades d' agricultura en Betanzos, presentou ante o Tribunal Supremo querella contra algunas autoridades por detenelo ilegalmente.

Según manifestou ó interesado, foi ditinido en Madrid, e estivo preso uns cinco meses sofrindo moitas penalidades.

O que parce, as autoridades resgian á un tal Estanislao A-Bernard é confundirono co-él á pesar d' as probas e portearas que fixo pra dremostrar seu verdadeiro nome e sua inocencia.

O aumento d' a criminalidá en Galicia d' algun tempo á esta parte, dá márxen á qu' os neos lle colguen o milagre ó condanado progreso que trae consigo a falta de fú.

O de falta de fú pase, porque solo prova que nas cacholas d'esta xeneración non caben rodas de moifio; pro en canto ó progreso, ¿qué progreso nin que farapo de gaita disfrutan os probes labregos que son os que cometem mais delitos, xa n-as festas e ruadas, e xamen pol-a repifa, hasta certo punto desculpable nos que, como elles, adocean co-a fame, agobeados polos trabucos, pol-as pensiós e hasta polos preitos?

Mais por desgracia é certo que pr' atravesar hoxe os camíños hay qu' ir armados hastri os dentes como si se viaxara pol-o interior d'Africa, e qu' en certos casos é mellor topar c-os lobos que con certa xent: qu' por unha peseta sega o pasa-pán á un home, como din os predecesos que lle fixeron ó probe trovador e rascador d' violin o simpático don Adolfito, ou por probar un revolver e votarse fame de valentes metelle á calquera unha onza de plomo n-o corpo.

Aquí o que fai falla é qu' a xusticia non faga a vista gorda por mor de..... e qu' ó qu' a faga se lle apríque tod' o rigor d' o Código.

Xa chega d' o Antroido, con noites moi frias, o alegre reñido por solos tres días.

Os dioses á honralo d' a mansión olímpica, descendente en nubes (on chuvia ou pedrisca).

Por faco unha cuba e a frente alpendida, va baixa o dios Baco sin soltar a chispa.

Tras d'l, revulinido ó modo d' avisos, en punto de berle, camiña la Terceira.

Venus, qu' é das diosas mais amoroñas, co-presa esqueuella vestir a camisa,

e así é o seu traxe d' o más realista, cara, pelo, brazos, peito e pantorrillas.

Si as d' o mesmo seu, qu' este mundo habitan, siguen a sua moda, entón si ou' atinan.

Tamen Cupidiño, co-a venda n-a vista, d' espatal-o dardo a ocasión atisba.

Por fin, o dios Momo, inaxestá divinia, recrama dás xentes mil hurras e vivas.

¡Ven vefan os dioses que tran a legria, con mísicas, bailes, amores e orxias.

Berreemos, pois, todos chorando co-a risa:
¡Que viva o dios Momo!
¡O Antroido que vivaaa!

Houbome dar un pesamento cando me contaron a noticia qu' hoxe trámite os meus leutores (anque non sallo fiador por tanto se me fai cost' arriba o que n'eli se dí) pr' seu conocemento e admiracion si por disgracia fose certa.

Parce qu' o crego don Silvestre, vello e achacoso caeu co-a forza d' o mal no leito quizas pr' se non erguer, e qu' n-él houbera morto xa de fame e de miseria si algúns vecíos de bon corazon non o atenderan á auxiliaren, e sin qu' os compaixeiros d' el (escuetos) s' accordasen de socorrello en tan desconsolada situación.

Ripón que non quero nin debo dar creto á esta noticia por qu' os que predican de cote a caridá e o cumprimento d' as obligas de misericordia non poden deixar sin valerelle, morrer na miseria e na soledad á ese probe, vello nini a mediu. O qu' eu creyo, é qu' elles non teñen conocemento d' o que pasa d' ahí qu' a xente malá que tira co-ell os cregos se desfagan en lençóis como si elles tivesen que llorar esa calamidá. Posen estar seguros que os xudios falangueiros que din qu' os cregos predicau pro non dan trigo que cumplirán e os seus deberes d' birman e próximo.
¡Pois non faltaria mais!

—Eses deben ser bós mostrenco.

—¿A qué chamas mostrenco, oh?

—Falo d'a pila de taboas qu' está pegada á Ponte Vella, que fai pouco tempo tiña duas varas mais d' alta.

—En che direit emi que tés razón, porqu' en que son veciño vin polos meus ollos lever taboas uns e outros, e non puse á ver qu' unha propiedá tan cativa pocha tén tantos donos.

—Vení a nai d'o dono qu' así se deixá á alcance d'a man.

O ANTROIDO

— Recomendamos ós nosos leitores o viño branco de Rueda, de CATRO ANOS d' edá, e que, xuro á Brios, amella o mellor Xerez polo sabor, bó cheiro e dourado color, aventaxándole o precio qu' é o de real e medio o neto, e vénese n-a casa de Manuel María Moreton, Rua Nova, número 10.

Repto: dá trinta e raya ó mellor Xeres, e pode figurar n-as mellores mesas sin que lles manche as charreteras ós viños embotellados.

Preséntase bó o Antroido, pedir mais fora cobiza, pois cousas verá Betanzos qu' aind' o demo n-imaxina. Prepáranse entr' outras cousas gran entero d' a sardiña, e unha comedea-apropósito que fará estoupar co-a risa. Ilustra uns nenos de bó humor pol-a propea iniciativa, proyeutan as suas comparsas, que non han de ser caticas. Hay bailes n'a Ponte Vella, y este domingo principia aló n-a calle d' Abaixo outro con bons musicíños. Haberá tal gasto d' humor que rebosa x' a alegría, por adiante e por atrás, por abajo e por arriba.

ÚLTIMA HOURA.

Orden divina comunicada ó ANTROIDO polo aramio.

Nos os dios Momo:

Por tanto Nos sabemos abundan en Betanzos inxenio, bo humor, desprazamiento e alegres e feiticeiras raparigas, mandamos que n-ousequio d' estas, sociedades de veciñeo, corporacions, particulares, mozos, vellos, nenos. boten casa pol-a ventana, percurando non haxa caras de pascoas chegada miña.

Item mais encherse hasta reventar lacons, fillos, orellas, etc., que famenti Coaresma non vos colla sin untos.

Daránse órdenes detall Intendencia palacio meu.

IMP. DE A. AMENADO PONTE.

Soportas d'o Campo, 7

XOSE AMADO

36.—CANTON GRANDE,—36.
BETANZOS.

O repito, anque xa o saben vecíños e forasteiros:
título de profesor
pra arreglar barba e cabelos,
o púbrico da en xusticia
á Xosé Amado o barbeiro,
íneco que vai c-o sigró
n-a elegancia e n-o bó xeito.
El non escatima os cartos
en perfumes estranxeiros,
en xabons d' última moda,
en navallas y-en cosméticos.
Entra n-o establecemento
con polvo n-a cholga un vello,
y-ós dez minutos ve un xoven
en un manílico espello.
O que vén de Madrid,
de París ou de Burdeos,
si vai á sua barbería,
non bota nada de menos.
Si él chega á saber qu' o alabo
rábea, porqu' é moi modesto;
mas eu berro: *Non plus ultra*
Xosé Amado entr' os barbeiros.

J. FRANCO

FOTÓGRAFO.

63.—Rua-Nova,—63.

Escusado é dicir a prefectura e esautiú con
que dito fotógrafo executa cantos traballose
ll' encargan, como tamén a nunca vista bára-
tura no preceo d, as suas obras.

Sigue retratando o mesmo os días de
como n-os nubrados ou chuviosos.

Retratos à REAL.

TEODORO D'OCAMPO

—Segunda Calexa.—

UNHA GRAN PARTIDA DE VIÑO NO

DE TORO, SUPERIOR

á 6 cadelas pequenas neto

—e por maór á 36 reás a cántara.—

Valdeorras á real.

O ANTROIDO

Por cinco pesos ó más
tás ANTROIDO tol o mundo,
e sin sair d' a laciña
á calquera mamarracha



que, con disfraz fai un home
e cin el é un estropaxo,
lle sacarás a carantula.....
si afroxas antes os cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL OS XUEVES DE TODOL AS SEMÁS DE TODOL OS ANOS.—AMEN.

BANDO.

Art. 1.^o Antroido, Amo e Señor d' o mundo d' os tollos-cordes. Rey d' a diversão e d' as carantonias. Preséntate d' tol 1 as mesa en que se comen gradumeladas, porco e outros peixes; Gastrónimo mntr pr' os filhos, fríos e orelhas d' fraude; Vichucho d' o bô viño e d' os chinguirlos; condecau-ralo con rastros de cheurizos e buñuelos de vento por be-mentecito en trangalladas maiores o menoraz, etc., etc.

Ordeno e mando:

Artículo 4.^o Que dend' hoxe hasta o miércoles d' a cinza todol os meus vasallos deixen a cara fera que durante o año folien pra s' engafiar uns á outros. fñxind' o que non son.

Art. 2.^o Que non fagan ningunha labore que li' esteiro a comisión d' os laços con berzas e demás hititais de qu' han de facer uso n' estes días.

Art. 3.^o Que s' adívitan, con carantonias ou sin elas, á calquera parte en o n' atopen, despois de han chenos, lase arrotar.

Art. 4.^o Que vayan os bailes qu' en honor meu s'han do facer n' os sítios que teño dispostos, n' os cales polos cartos, poderán referendala cédula si xa' levan do foral ou adquirilla ali si chegan sin ela.

Art. 5.^o Non consinto que en-sas rapazas usen malas moles á parolas porcas: os qualas fixeron serán uns topoicrossmal aducidos.

Art. 6.^o Prohibo que, tanto no avellón, como n'as casas e bailes haxa polémicas e recitas, así como lamen que se celebren uns á outros causas que lleven a un mazca, sin que valde se tratesto pra fixir d' o rei novo a trouxa de valente en as caldas ns' das noiva. Si algúen o fai, mi' d' pagar-e os seus dñeis á casa de pouco milllo, pra que late o baile e va ratos.

Art. 7.^o Por mais qu' o meu mundo nego o martes as doce d' a noite, confiavíos en-a. Coarsma en que reinará, tamen o miércoles, co-a condición de que a noite non faga da diana caronta e que vaya de noite ó treito pra dicir as canções qu' á todosdeixa en modos d' agredadónsula.

Art. 8.^o Queda premillio d' os caudos, o uso d' os distins, nel caso de toda cláu de lirrama, pra o beneficio d' os apoculado universo: n' o caso de cont'invención, aqueles prestaña flanza co-as costas pra pago d' as responsabilidades en que podían incurrir.

Art. 9.^o As rapazigas casadeiras quálalles premillies todol as artimárias, celos e azoles que consideren necesarios per a pose de novios; recomendandelles qu' atrimen bon os pés pra qu' os peixes non os foguei encorrer e medle o chan o time d' eco.

Art. 10 e último. Requerio e nec' nello de mis vasallos que favoreza en co-a sua presencia (c' o s' sume euclingo) e compreñalo tratadal qu' a mina m' o amalo súbito e xuntalo dirixida a d' o Liceo tén dispuesto pr' o miei reales, correspondendo a li' os sacrificios qu' a mesma se impón pra que non decaya a lexitia que debe reinar en ta a solenes festexas.

Espero q' o meu amado p' oho e mi' priña e-o que manl de deixo, dando de maneira tal mostra de qu' é dino de que volva á ser gobernado moi logo polo o seu rey e señor.

O ANTROIDO.

QUEN SON EU.

Eu sonvos o fantasma d' as locas alegrías
co-as qu' esquecen os seus males; pretendo a humanidad;
todol os anos morro, má' s pásame o qu' ó fenis,
e d' as miñas ciññas volvo á rezositar.

Aí, canelo de coto vagalan polo o espacio
espíros, meigas, trastos asustando o fogar,
prá bulra d' erexes sacromonte d' a nadá
fillo d' os seus rencores, feo como meus pais.

Todol os estravaganzas de sigros de loucura
e todol os emprichos que tén a sociedá
puxéronnos n-a erra, sin ver que son espello
que resulta os defuntos que queren ocultar.

Son pretesto inocente durante o meu reinado
nra qu' o cristian' orbe, rompendo co-a moral,
n-o fango d' os praceres s' emborcall' e remexas,
e s' ocheque ó cansancio que non á saciedad.

Eu, tendo por padrón a fe d' aqueles sigros
en qu' era forza o diurna n-a fogueira limpia,
n-d' Inferno mais almas qu' os demos todos xunta
en bailes, en orxias e lances e-o días.

Son en finix mayestro, curman d' a hipocrisia
a miña carantonía continua moda é xá,
má' salen os mortais qu' n-o mundo qu' habitan
n-a mollez tallada que salo engafiar mais.

Ó escocir meu nome do gozo brinc' a xente,
fan un punto de polla a nena y-o galán,
piotros e fechaduras relinchease en fuélos,
qu' o viño e lacondas illas sabe o paladar.

Iñgalos, burros, cornos son d' a miña cosecha,
e sinto qu' a xirinha prohibir'a autoridá,
qu' n' ha que son vello tamén teñ' os meus gustos,
n' oñ' elas non teñ' outro com' o de xirigar.

Ei fin, si pelas señas non dades e-o meu nome
non sédes d' o díos Momo señorío de verdá,
que sedes uns mondragues ó estilo d' hoxe en dia
que olo s' antusiasmo si lles dan creíncial.

Aunque son soberano, marchántome e-o sigro,
me fixen mais damáderas qu' o mesmo Castelar,
e á todol os vasallos dou iguales direitos
sin outros privilexos qu' os qu' otorga o caudal.

Non querio qu' os ediles coticen alegria
comprando eso que llaman «entusiasmo oficial»:
estina' os vosos vivas si horrados de valde
cando o domingo prousimo faga a entrada triunfal.

Vosoutros perguntades:—(Qu' eres ti que te finxes
rey, mendigo, farsante, mentira o realida?)
M' o nome garantiza qu' ó cert' o que vos digo;
Soo o ANTROIDO, heramado por rey d' a hasanal.

A. V. T.

O VELO D'ABADESA.

(CONT.)

I.

Habia, aló n'as Rias-Baixas, preto de Rianxo, non sei en que templos, un covento de moito nome pol-a-santidá qu'querían aban tal das monxas que n'el vivian, comian e rezaban.

Unha rapariga chamada Sabela, boa moza e de boa cráis, polos parentes que tiña, vivia n'el facía algun tempo, cando certo dia foi á vela pol-o torno un parente seu n'el a compañía d'un amigo, xoven e arrogante mozo. O véllo á monxas namorouse tolamente d'el, socednedoll' outro tanto ó xoven de que vos falo; mais, durante moito tempo, non ouveron outro froito d'o seu amor se non trmentos e privacíos.

Así é todo, como os duos soilo pensaban n'el modo de verse é d' estar xuntíos, ó rapás, qu'era ó mesmo diaño en presco e ardía n'el candil, cavilou & maneira, e atopouna, de meterse n'el convento e n'a celda d'el rapaza sin que naide ó vise. Contentíos puxeronse o ver tal descubrimento, é un dia é outro tomaron a revancha d'os amigos que passáran, desfrutando por moito tempo d' a felicidá á mans cheas. O fin é o remate a fortua volvullellas a espaldría...

Moita era a bonitura de Sabela e moita a gallardía de Calros—est' era o nome d' o rapás—pra qu' aquela non estivese esposta ós celos d' as outras relixiosas, que se decataban d' o que socedió o convento.

Certa noite unha d' as monxas viu sair ó rapás d' a celda d' Sabela, ~~que~~ auto participou seu descubrimento a algumas d' suas compañeiras, ás que resolvieron poñer-ló feito en conocemento d' a madre Abadesa, que se chamaba Goraz, é a qu' os cllos d' as demais monxas, e de cantos a coneccian, era unha humilha de santidá e beatitudo.

C' o fin de que se creera sua acusación, é de que Sabela non poídes negala, cavilaron d' o modo qu' Abadesa collese a monxa n'el brazos de Calros; todas puxerónse con ollo pra pillar n'el niño a probe, pomba, que non coídas que migallá se soupese. Unha noite que citara o mozo, ás condanadas d' as espías viromon entrar n'el celda, e convíñeron en deixalos algunos manudos soilos os dous, antes d' armal-quimeria; logo forman duas secuções, como bós soldados, unhas vixilan á celda pi' r diante e por detrás e outias corren á dícirll' á Abadesa.

Chámall' á porta d' a sua celda é din berrando: ¡Vinde logo, señora, vinde logo, qu' a hirmá Sabela está pechada n'el seu cuarto c' un rapás!

A cubrir tales berros, á Abadesa, toda chea de medo, temerosa de qu' as monxas lle botanxe a porta abaxio é atopasen d' aquela ó crego qu' a visitaba, e qu' a boa señora facía entrar n'el convento meténdoo dentro d' unha caixa sin tapa, irgueuse, vistouse ó meli e que poido, e penando cobril-a cabeza co velo nun xi, e, netu' os calzós d' o crego, berrando á misa non poder:—¿onde está ea filla maldecida de Dios?

Chegan á celda de Sabela, lotan a port' abaxio e alcontran á parxiña namorada. Com' os pillaren de sópeta, á medo e ó encolleamento deixaron com' a ne-

ve; pro ás monxas apólitanse d' a rapaza á que, pola orden d' Abadesa, levárona á outro cuarto. O rapás quedouse n' a celda e propúxose agardal-o remate d'aventura, resolt' a vengarse d' as monxas que caesen n' as suas mans, se non respetaban á rapaza.

A *superiora* cheg' o cuarto ond' está Sabelifa, e sentase n' o seu sillón; os ollos de todal-as monxas están fixos en Sabela. Empez' á madre Abadesa seu sarmon cheo d'inxurias; trat' á probe nena com' unha muller qu'c'lo que fixera, luxab' ó bon nome que tiñ' ó convento.

Sabela, chea de vergonza, roxa com'as cereixas é con medo non s'astreva á falar nin erger os ollos d' o chan.

A Abadesa sigue que te seguirás, sin rematal-ó sarmon.

Sabelifa, cal si recolleses ánemo polos ditos d' *superiora*, astreves a erguer aqueles dous ollínos com' os ceos, fixaos n' a cabeza d' abadesa é vend'os calzos d' o crego que lle sirven do velo ou de pano, dille:

—Señora, que Dios vos asista; Libre sódes de falar canto queirades pro por favor, compoñede o que tedes n' a cabeza....

A Abadesa, que non entendeu ó que queria decíal-á rapaza, repuso:

—De que falas, lengüeteira, deque falas? ¿Chega ten tesón o derradeiro d' ambromarme, ou que coídas? Son os teus feitos cousa de risa?

—Señora, repitovos que sodes libre de dicir canto queirades pro por favor, compoñede o que tedes n' a cabeça....

Tanto dito, ripitido con certo aire atráeu os ollos d' as monxas sobr'a *superiora*, ómesmo tempo qu'esta levou a's mans á cabeza....

Enton comprendeu por que Sabela dixera todo aquello.

Descoñertada á Abadesa, é conocendo que non podía poñer outra carantoña á sua aventura, cambiou n' o tonillo d' as suas palabras, concruindo por espírcar “de qu' os enemigos d' a y-alma son tres” pro qu' o mais condanado é a carne.

Dend' enton a Abadesa d' o convento de Rianxo foi outra...

Sabelifa sigueu, com' as demais monxas, empresando seus servizios á relixión e sendo *Síerva del Señor*

II.

Morreu fai alguns anos.

O seu enterro foron os cregos de todal-as parroquias d' o autamento...

Dixérónse moitas misas.

E levou palma e coroa.

N-O ALBUM D' A SISURITA

DOÑA RAFAELA RODRIGUES PRACER.

Sin non tivesco o curazon magoado
 por acedas lembranzas,
 si poíderas espírcer tod' o que sinto
 n-o más tendo d' a y-alma...
 en rogaría ás mueras que me desen
 tan xiéqua unha canticiga
 para laudar á dona de este libro

O ANTROIDO

qui a miña pruma aldraca...;
e si elas atendesen o meu rogo
póndomo báca cara,
estonces diciria qu' os sous ollos
ó acebache empanan,
por que son tan negriños com' a pena,
tan dóces com' os bágoas,
tan lindos, estén tristes ou alegres,
coma o surrir d' a y-alba;
qu' os beicíos roubaron á frescura
d' a maflan orballada,
y-a tinta d' as cereixas bén compridas
ou mellor d' escalrata;
qu' o cabelo que en crenchas arrecolle
mesmínhanha igoala
en cór ó empadecer d' un dia sereo;
qu' os dentes dan ó nárrar
en vexa n-a brancura, e n-o xuntíos
á unha piña d' amásas;
y-ó seu corpito que tan feito téu
non haxo comparanza.

Mais... ¿qui hei dicile si non son poeta?
¿si a inspiración me falta?,
¿e si vivo n-un mundo de recordos
e d' acedas lembranzas?

R. Pesqueira Crespo

Madril, 1887.

COMPARSAS E TRANGALLADAS

Non hay nada mais pintoresco, o ó mesmo tempo mais salvaxe e peligroso, qu' o hipódromo improvisado polos que vellen á feirar caballerías, n-os días correspondentes, n-esta nobre, patriarcal, antiga e orientinal cibdá de Betanzos.

A praza d' o Compo presenta en tal momento o aspetto que debe ofrecer o mundo cando homes e animales fuxian confundidos d' as augas d' o deluvio universal: tamen aquí, homes e facos, formigando d' un lado pr' outro, tropázanse, abrázanse, bicanse, sin que job providencia divina! haxa un pé aplastado, nin unha testa rota, á pesar de qu' os donos d' os caballos pra amostrar as boas cualidades d' estos rompen ás carreiras por entr'os grupos sin decir tan siquera: abrindo paso, qu' alá van dous animais!

Onte, ó probar un rapás a esfameada sardinha que montaba e cando volvía cost' abaxio, tomou o faco maíz fumex que forza tifa, indo á caer ás catro patas sobre os croyos d' o chan e collendo debair d' xinete, que debía téu bos realis, pois aunque se levantou coxeando e todo magoadao non dou siquera un chio.

Si non fora porque "non se debe romper co-as tradicións", pidriamós ó señor alcalde que señalase outro sitio pra tal gando e tales carreiras, podendo ser, á zalta d' outros mellores qu' hay, a mesma carretera e obligand' os feirentes a gardar orden e poñerse en ringoleira.

Pro.... hay que respetar as tradicións.

Os tres días de dar conta O Antroido d' o estado

desesperado e miserabre en que s' atopaba o crego don Silvestre, pasou á mellor vida, non sendo pouca parte á mais d'os anos e os achaques pra precipitar o seu fin, a estreches en que viña vivindo e a carencia de medios pra coidarse como debía.

«Dios o haya recollido n-o seu só!»

O facernos eco n-o último número d'as marmalicias pouco favorables á humanidá e compaixismo das certas respectabre clás, debemos facer unha execución en favor d' un sacerdote que tivo sempre a sua bolsa aberta pra socorrolo hast' onde lle permitian as suas forzas, non consinando aquí o seu nome por non ofender a modestia qu' o distingue.

A todo esto din os maliciosos: «non hay regla sin execución.»

O ANTROIDO asistiu ó ensayo d'o gracioso saintinho-apropósito que s' ha poñer en escena o miércoles próximo con motivo d' a (por adiantado) chorada morte d' o seu soberano e señor.

O argumento é bastante complicado e d' unha aición moi viva, a versificación fácil e fruída ten algunas estancias maníacas, e polo que respecta á execución promete interpretar o pensamento d'os autores.

O que queira saber mais, qu' afroxé as cadelas o dia d' a representación.

Apropósito d' o apropósito que se representará n-o teatro, direi á vostedes qu' a compañía de zarzuela e decoración qu' está facendo as dilicias d' o público do Rivedo, virá á consolarnos d' as tristezas d' a Coresma, tan pronto espiche meu consabido e amado sacerdote.

Eu, anque co-a gasa n-o sombreiro e as bagoas n-os ollos, non deixarei d' ir á buscar ó teatro o consolo que me fará falla, siquera por qu' a miña fraca herideira rabéa ó ver que non m' ansefa á ser sofrido.

E convidoos á vostedes.... c-os seus cartos.

Houbo pouca concurrencia (por parte d' os mozos, qu' elas non faltaron) n-os bailes públicos, eso qu' o preceo d' entrada non podía asturar á ningunha.

Debo dicir ós que se fagan o remolón, que non faltaron boas rapazas, qu' houbo (relativamente) bastante orden e que nou debén esquenecer qu' os bailes son o mellor sitio pra tener conquistas.

EPÍGRAMA.

Certo irade muy famoso
confesaba a unha rapaza,
qu, calaba pol-a traza,
un pecado vergonzoso.

«Di o pecado e teme a Dloss»
escribam o Pai Frai Bras
y-ela dixo: «non hay más
qu' aquel qu' sabedes vos.»

IMP. DE A. ANTÓNIO PONTE.



CENCERRADA SOMANAL—PR' OS XUEVES D' O ANO TODO;—GRATIS, OS QUE DEN UN REAL;—Y OS QUE NON.... CINCO CAS SOLO.

CONFIDENCIAS D' UN RATO

—¡Socorro! ¡Socorro! ¡Socorro!...
A estes berros dados por unha vos de frautin chilón que s' encravaya n-o cerebro, despertei despaixado cando ainda estaba n-a meia d' o sono, dícase dende de qu' unha numerosa colonia de ratós había invadido a alcoba en qu' eu dormia.

Eu, sin que sexa votarmos de valente, non teño medo ós ratós; e hastre declaro que si non me son moi simpáticos pol-as raterias que fan, ó menos móvenm' a coreosíá, porque teño certas aficiós naturalistas, o modo de sér e vivir d' estes ladrós nouturnos.

Tan grande era o escándalo qu' armaban sin respeito á misia humana individualidá, que non poíden menos de pensar:

—Vaya; esta é unha revolución: os ratós. ó modo d' os políticos que nos comen e nos beben, pronunciáronse tamen.

Alcendín a lus pra cerceorarme do si afentivamente os ratós representan tamen as comedias e tragedias políticas que nos, e quedeime c-un palmo de náis contempriad' o espetáculo que s' ofreceu os meus ollos.

Mais de duas ducias de ratós moi locios e cheos á conta d'os descoidados d' as amas de casa tiñan acorralado a un semellante seu que pol-o pelado e as enrugadas d' o seu corpo denotaba ser moi vello, como si dixéramos un membro inútil pr' o corpo social, e como tal condenado á morte, pois os ratós rixinse n-esto pol-as leyes de Licurgo.

Eu creyo qu' a caridá verdadeira debe ter commiseracion por todal-as criaturas que sinten; e n-esta créncia intereseím' en seguida por aquel probe reo, pois onde queira qu' a forza s' impón á dibilidá, existe a inxusticia.

No niven mais que facer que coller un lorcho de debaixo d' a cama e tiralo ó coro indisciplinado, pra que todos fuxisen, menos o rato *seusajenario*, que xa

pol-a velles xa pol-a paliza que lle diran quedouse quando n-o sitio.

Erguimme e púxeme á contemplar aquel inválido roedor; estaba tan magoadó que n-a misia concencia supuxeron qu' era unha boa obra rematalo d' un pau. Iba á facer así, e n-o momento en que cimbrela o pau n-o aire cubin unha vosecina com' a d' unha lebreca sábea, que n-a mesma fala en qu' esquivro esta virídica historiæ, e con prenunciacion algo estranxeira:

—Por todol-os dioses d' o mundo, non me mates!

—¿Qué fariades vosoutros cubindo falar á un rato? Creriades qu' era unha meiga, o trasno, unha y-alma d' outro mundo? Pois eu non creín mais sinón qu' era un rato.... estudiado e sabido, quizais bachiller ou licenciado, e creín tamen qu' era caso de conservarle a vida, coídalo e parrafeá co-él.

—Rato de todol-os demos,—lle dixen,—eres un espírito encarnado en tan cativo corpo, ou qué deflo eres?

—Non son mais qu' un probe rato que xa vai pr' as encrobadas; pro a misia velles é tanta como non te puedes figurar. Fun contemporaneo d' o célebre nigromántico e manetizidor Xosé Balsamo, e á él deba a misia lonxibidá e o don de falar.

—Conta, conta!—dixenlle tod' admirado.—E si queres repoller as forzas pide por esa boca o que más ch' apeteza.

—Pois dame un biscoito mollado en bó viño, qu' eso me dará refolgo.

A falta de biscoitos dinnle unha filloa resésegaa que sobrara d' o antroido, remollada en mistela d' a d' o señor Bravo.

Comeuna, lameuse os bigotes, dou catro brincos pr' estirar os membros, e prantándose en riba d'a mesa n-unha postura ratoxil, mentras eu m' accommodaba n-o leito, escomenzou así:

En pirmeiro lugar das de saber qu' eu non son español. Nacín n-as letrinas de Paris, que n-este gran

A FULIADA

pobo son nosa nacionalidá, dende a que temos millós de galerías que comunican co-as habitaciós d' os homes. Aquí vin por un descoido meu, pois buscando unha noite que roer dentro d' a ucha d' os fondos d' un banqueiro, un empreado d' a casa qu' arrebañou os capitáis, tróxome metido n'un rollo de billetes de banco, escapándom' eu por milagre n-o momento en qu' él vénzose xa ssguro n-estas terras, quixo contar os billetes.

Este pasoume fai xa un puñado d' anos; e desde entón din n-a manía de viajar, meténdome pra lograllo n-o equipaxes d' os viaxeiros, e prefirindo sempre, ós que fuxian por política, pois estes como non lles cabe unha palla por salvo a parte, non están pra casar ratos.

Así foi que cando veu a Groriosa, elixin d' entre o fato de combólos que fuxian á queima á Gonsales Bravo, acomodándome nunha papeleira entre números d' o seu predíctico demagogo *O Guirigay* e órdenes d' arresto contra os liberales firmadas mais tarde por él.

¡Cántos secretos d' Estado sorprendín revolviendo aqueles papeles! Habia en algúns tantas infamias que non m' atrevía a roelas por medo á reventar. En fin, couzas d' a política.

Chegamos á París, e comprendendo eu qu' os paracatos aquéllos non deixarian de intrigar pra atrapar outra vez a granxería que perderan, avicindéime n-o mueble co propósto de pillar os cabos soltos d' aque-la madeixa.

Os poucos días xa soupen cal era o plan de campanha contrá a democracia: fomentar a insurrección calrista; subvervar as capitales c-o agallo d' o carballo, auxiliar os filibusteros en Cuba; asesinar ós patrios que non se poderan comprar (como lle pasou á Prin); en fin, queimar, ensangrentar, emprobar o país, pra qu' él mesmo pidise a pas d' as cadéas.

A. V. T.

(Continuaráse.)

A FADA D' OS MONTES

Virxen divina, de leves alas,
Que alegre voas n' o doce Abril,
Fendendo o vento con vellas galas
Desconocida, presta e xentil:

Virxen qu' as veces non o espacio culto
D, as verdes agras costumbas voar,
E as veces n' o aire d' o monte inculto
Te soes sin trazas evaporar:

D' as tuas alas o doce ruido
E d' o teu paso o grato son,
Que n-o percibe o atento oído,
Mais que só o sinto o corazón;

Oin mil veces n' a miña infancia,
N' os patrios montes d' a verde Erin
D' a tua veste sentí a fragancia,
Cando pasabas por xunta min.

Nor sei que eres; non sei á donde
Ou vas ou tornas, nin por que ley;
Nin sei se antes, nin como ou onde,
Nin en que antigo tempo t' achey:

Se foi na ganda do Carboeiro,
N' os verdes d' Oca ou de Buxán;
Ou n' as alturas de Portomeiro,
Ou entre as brétomás de Barrañán:
Se n' as agrestes debessas d' Esto,
N' o chan de Brántuas ou d' Angeriz;
Se n' as pendentes de Corcavado,
Ou sobre o cumo do Gomariz:
N' a vespertina marina bruma,
Do prado mole n' a tenra cór;
D' algún escoio n' a branca espuma
De casta estrela n' o resplandor;
N' o son das follas armoniosa
N' a voz dos pinos c' o vento Soán;
N' o horror d' as furnas, n' a cór d' as rosas,
N' a cór d' as olas d' San-Adrián.
N' o sei... mais teño á tua historia;
Non sei tampouco dont' e prendi;
Nin sei da certa por qu' a mamoria
Dolces lembranzas garda de tí.
Quezais celeste reminiscencia
Es d' outra vida, que pasey xa;
Non sei quen eres; quezais presagio
D' outra existencia qu' inda virá.

Virxen d' os celtas d' a migas astros
D' os nobles celtas fortes é bós,
Quezais habitas nos verdes castros,
Genio d' os nosos grandes avós.

E pois n' a cárcel que o hom' encerra
Pracei non acha, tregua ou solaz;
Deten un pouco n' a escura terra
A tua fagente carreira audaz.

E jadios! decindo o escuro e denso
Confío que o home sóle habitar,
Nos lanzaremos n' o espacio inmenso,
Do van collidos voando á par.

EDUARDO PONDL.

DE, SIN, SOBRE OS GUMPREMENTOS.

—Beso á Vdes. a man.

—Bésenos vesté o.... a Q., qu' é d' a mesma lan,
—responderánme vestedes.

E mal falado; pro sóbralles razón.

Pois señor; ¿quén me manda á min dicir unha
mentira tan manefasta, sabendo que si eu lle bicara a
man é algúns gomitaba os bofes?

—Señoras; beso é Vdes. os pés.

Si algunas adorabres criaturas, ás que nosoutros
os homes, pagados d' a admiración que se debe á hermosura,
lle bicariámos..., calquer cousa, nos pegase
c-o cheirume d' o pé n-a nariz, non nos quedaria gana
de repetir somellante tontería.

Filosofemos.

As parolas e fórmulas convencionais que s' usan
n-a sociedá deberon seu orixen á falta de talento pra
espresarse e predocírse.

Foron com' as pregarias que se dirixen á Dios,
que debendo variar segun os sentimentos, as situacións
e as ideas que cada cal se forma d' a Divinidá, tener
qu' axustarse a fórmula de

“Padre nuestro que estás en los cielos...” etc.

A FULIADA

Algúz dirán:—Os cumprementos demostran cultura.

Nego.

Non hay persoa cursi, rufian, axuda de cámara, doncella, rapaza de sala, camareiro, cocicheiro, lavadeira, mandadeira, etc., que non conoza, use e abuse d' a retaia d' os saludos.

Persoa ceremoneosa demostra qu' está oceosa,— di o refran.

¿Cómo non hemos de mentir cando necesitemos fácelo, si mintimos cando non nos fai falla?

Aquí nos tendes á nosotrollos preodistas (?), por exemplo: falamos d' a morte d' un enemigo ou d'una persoa que non conocemos, e sin saber si ten familia ou non, escápaseños o consabido estribillo: "Acompañamos á sua affixida familia n-o profundo door" ... etc.

Trátase d' un casamento n-o que figuram un rival noso e a novia qu' él nos birlou, y-estampamos a fórmula "deseamos á felis parexa longa luna de mel."

¿Pois que me contan vostedes d' os cumplementos pra despedirse?

,Cántas frases de caixon repitidas cen veces co mesmo sonsonete con que se reza a letanía!

Cantos apretós de mas e de mais antr' os homes, e cantos bicos de Xudas antr' as mulleiras; bicos dados ás veces por uns lábres de mel, qu' alritan os nervios d' un home ó ver como se perden sin froito n-o vacío d' a insensibilidá.

Dempois, volta ó rosario d' os cumplidos.

—Xa sabe vóstro onde ten a sua casa (xa ch' creo, á non ser telen).

—Mande vóstro o que guste (non sendo paus).

—A ver si ven más gordo! (insulto se chama esta figura.)

—A ver si lle baixan as carnes qu' está moi grosos! (anque fora o porco d' a rifa).

—Moitos recordos, moitas expresións, moitas aper tas, moitos bicos á.... (ó demo qu' os leve á todos).

Voull' á dar un corte á este asunto porque senón seria conto de nunca acabar, pro facendo costar unha cousa: qu' hay que distinguir os cumplenteiros d' as persoas que chamamos atentas. Estas últimas coñecen o ridículo en que se poñen as outras, como persoas superiores que son, e teñen frases que lles son propias, e como non usan as de caixon, nadia pode saber si din ou non o que sinten.

A. V. T.

BOMBAS SIN BOMBO

A compañía cómico-dramática que por espacio de mais de dous meses proporcionou ó público de Betanzos a mais instrutiva, moralizadora e agradabre distracción, cal á d' o teatro, cando a decoramación está encomendada á artistas de tanto mérito com' éles, rogounos ó marchar que fixésemos público sen recoñecemento pol-o agasallo e acentuación que se lles dispensou aquí, y-ó mesmo tempo que, n-o seu nome, demos a mais cordeal e afectuosa despidida á todas aquelas persoas d' as qu' habendo recibido mostras d' aprecio e amistá, non poíderon despidirse pol-a premura d' o viaxe.

O mesmo tempo que cumplimos co-este deber, la-

mentando que tan pronto nos houberan abondonado tan consumados como simpáticos artistas, facemos votos porqu' o éxito os acompañe por onde vayan, e porque volvan á esta pronto pra ser de novo agraudidos e estreitar amistades.

Tefio eu unha rapariga
(quero dicir, n-o entrecexo),
que ten a cutis tan branca,
que ten o pelo tan negro,
unha boquilla tan cuca,
uns ollos tan picarescos,
as meixelas rosadifas,
labres frescos e bermellos;
un corpo qu' así se move
(despensar o movemento))
dende babor á estribor,
cal o pino cimbria o vento.
En fin, me quere á min tanto,
tanto, que jévem' o demo!
si d' o nome d' o meu santo
s' acorda! anqu' eu a cortexo.
Un mocío moi pranchado,
espigado anque tatexo
qu' as veces sole dícirlle.
"Ma-ma-noe-noe-la, te quero
petoulli n-o corazon.
¡A saber qué pensamento
se levará a rapariga
ó casarse c'un tatexo!
Eu sei que marchan os deus
de bradete e de paseyo,
cal si a femia d' o gorrión
s' axuntara co-o bencexo.
Dí o refrán que Diol-os cría
e s' axuntan os xemelos,
y-eu digo qu' é mais verdá
que se buscan os estremos.
Ela é unha lebra corrida
que dorme c'un olllo aberto,
y-ó asegurar compañaña
dará auciós ós compañeiros.

Cada home ten seu modo e maneira de matal-as pulgas.

Ou de chifrarse.

O direutor d' *As Morriñas*, ese lexuga-papés, que se lle mete n-a trole ser algo, tén a chifradura d' os certámenes. Pr' o domingo hay un de copras gallegas referentes ó Mayo n-a redaición, emprenta, administración e encoadernación d' o referido papel.

As copras, seyan ou non orixinales, serán reguelfadas por parexes de nenas e nenos.

O premio d' honor son, pesetas 8

O accésit " 150

;O qu' ésta xente mítense n-a moéda por figurar!

Eu sei d' uns rapaces que cantarán O Mayo de Cu rros Enriquez, d' aquel poeta gallego que medrou o-o rayo ou centella d' a escomunión.

;E ganarán o premio, x' o creo!

A FULIADA

E VAYA D'HOVOS

Vendixom' a casa
O pasado Outono,
E libroum' a mulher que tivera
Os demos n-o corpo,
Soasmente cantando uns latins
que chaman responsons.
Moito val, moito val o seu tio!
—Dixo Xan d'o Coto
A sobriña d'o crego qu' estava
oubindos tal conto.—
—Eu non sei si lle dé de regalo
O rabo d' o porco,
Y-aló pr' a Pascoa
Un goxo d' hovos.
—Eso non,—lle repuxo a sobriña—
Pois xnralo podo,
Que tén o meu tio, como ningunoutro,
Hovos abondo.

Cando s' está detrás d' o mostrador
é menester gastar menos... humor,
qu' é unha gracia pr' a venda desgraciada
soltar ó comprador a carcaxada,
e non pegan rilinchos d' égoa brava
n-a que fina se xusga e tal se gaba.
Hoxe me calo ónde, quén e cando
por si este aviso as pode ir enmendando;
mais si rinciden n-esa monería
á vergonza sairán calquera dia.

O MAYO

Est' é o Mayo
Rapazas garridas,
O Mayo d' Arzua
Qu' escreb' as Morriñas.
Vinde velo
Qu' home longo,
Que bonito
E que bó mozo.
Cantade meus queridíños
E facer fuliada,
Qu' anque montañés, ben sei,
Chóscarill' o ollo a' s rapazas,
—Est' é o Mayo
De froles cheiroosas,
Mal trasno te leve
Langran d' a Rua-Nova,
Est' é o Mayo
Señora, é,
Que ven d' a montaña
Buscando parné.
Cantade meus queridíños
Hoxe non teño que darvos
N' hay rapaza que me pague
O titalo d' A... fogalo!
Est' é o Mayo
Rapás gonzaguista

Que foi benmérito
E dempois calrista.
Vinde velo
Qu' home longo,
Ten boas barbas
Y-é bó mozo.

Quen queira facer mellores *Mayos* que vaya poñer
faixas "O Sigro Futuro" é ganará a s tres pesetas d' o
prémeo.

Imp. d' A. Amenedo Ponte.
Soportáis d'o Campo, 7

TEODORO DO CAMPO,

—Segunda Calexa.—

UNHA GRAN PARTIDA DE VIÑO NOVO
DE TORO, SUPERIOR

á 6 cadelas pequenas neto

—e por maór á 36 reás a cántara.—
Valdeorras á real.

Grobos Ramos e
froles e adornos
farós pra eirexas



CRAUDINO PITA—Rua d' o Rollo

EN LA ACREDITADA BODEGA

FRANCISCO D'A REINA

Se ha recibido una gran partida de VINO
DE TORO, SUPERIOR, que no admite
competencia en cuanto á pureza, sabor y
de más cualidades, expendiéndose éste y
el del país á los precios siguientes:

Vino de Toro	0·25 ps.
Id. del país.	0·20
Id. de Toro, cántara. .	8·75
Id. del país, id.	7·00

No olvidarse: *Ruatraviesa, bodega llama*

FRANCISCO DA REINA



CENCERRADA SOMANAL—PR^o OS XUEVES D^o O ANO TODO;—GRATIS, OS QUE DEN UN REAL;—Y-ÓS QUE NON... CINCO CAS SOLO.

A MODA

Definámol-a moda.

E unha ley tirana promulgada pol-a diosa Capricho, deida divorciada d'a razon e hastra d'a estética.

A moda quer dicir un modo especial d' ataviarse e prodúcise n-a sociedá (paremse qu' o fago ben), e leva consigo aparexido o feo vicio d' o fiximento n-o físico e n-o moral, vicio que sería disculpabre si realizase o fin d' emendar e embellecer o exterior ou o fondo. ¿Corriche a moda nin siquera superficialmente ós seus fanáticos seutarios? Non señor, ó menos pol-os exemplares qu' a época actual nos ofrece.

A belleza, qu' é a armonía d' a variedá infinita, desaparecería dend' o momento en que todol-os seres d' unha especie s' uniformaran.

E xa qu' ó falar d' a moda hay que referirse precisamente ó bello seu, reo convito, confeso e impenitente d' o delito de lesa-hermosura, á él endireitaremos a punteria.

¿Qué consignides, sedutoras fillas d' Eva, co-ese refinado artificio que despregades pra non discrepar unhas d' as outras nin unha linea, nin un punto, nin unha coma? ¿Pretendedes co-ese afán por somellarlos ás que levan o cetro d' a moda qua, com' ós chinos, sia casi imposible distinguírlos á unhas d' outras, e laxa que facervos unha marca pra que non vos perdes, ou pra identificarvos en caso de roubo?

Pois á ese extremo caminadas si chegades á realizar o bello ideal d' a moda. Cando veña o dia en que todal-as mulleres poidan vestir con arrego ó último figurín, o ver ceu mulleres xuntas será o mesmo que ver un peloton de soldados: todas terán as mesmas formas físicas, o mesmo vestido, o mesmo peinado, e gracias ós adiantos d' o falso arte d' belleza, serán iguales n-a color, n-os ollos, n-as carnes, e hastra pode suceder que chegue á ser moda térr unha estatura determinada e si inventen aparatos pr' o caso.

Pro si tod' o conato que poñedes por parecer ben

(a maior parte parécenlo antes de compónerse), fose ben dirixido, inda era tolerabre; pro non vai dirixido pol-a sana razon, e pra probalo entrarei en por-menores.

Hay un artefacto que tén por oxecto aumentar a parte posterior d' as que non están de bñan ano (o polison); pois cátenme vostedes que, como tamen o usan as que non lle fai falla por ter as formas ben cheas e prominentes, somellan co-él ó centauro, parecendo que se destaca o busto d' a muller d' o corpo d' un animal raro; e como xa todos sabemos qu' a prominencia consabida é de contrabando, vén á ser con respeutó traxe d' a muller o que seria n-o traxe de caballero o uso obrigado d' unha broa ou un abadexo baixo d' o brazo, que non tendo razon de ser faría rir á xente sensata.

Ousérvase tamén unha tendencia n-a moda á masculinizar certas prendas de vestir, e non é raro o ver n-a estacion d' o inverno mulleres con gabás abrochados hast' a barba, o cal unid' é enorme sombreiro de tres pisos, dalles a gravedad d' un axente de negocios ou un militar retirado.

Pois qué direi d' eses guantazos que chegan hast' o codo, acultand' o torneado brazo (d' a qu' o ten) e dando occasioñ á que non pra que nos meta gato por lebre, suprindo a falta de carne c-o algodón?

¿E quén aconsella tan mal á moitas que tendo unha hermosa cabellera, gracia natural qu' armoniza as líneas fisónomicas mais disonantes, convierte a cabeza n-un casco somellante ós d' os guerreiros cartaxinéss?

Quédanme moitos pormenores n-o tinteiro, porque non son aprceador de detalles; pro xuro e protesto que, com' as aves de moita pruma teñen pouco que comer", cando vexo a complicada armadura, o sin número de perifollos, ese afán por variar de modas cada catro días e todol-os adiminiñculos que costituyen a primeira necesidade d' a casa, empezó por compadecer ós donos d' estas uchas sin fondo, e concruxo votando de menos aqueles ediftos d' outros tempos contr' o luxo que si ben mantén as industrias e as artes, en cambio

A FULIADA

consume todolos recursos traendo consigo a ruina d'as familias e deixa a cachola d' as mulleres sín mais autoridade qu' nazasaria pr' ocuparse de vestidos e zarrandas.

A preocupación d' a moda é unha coaucion sobre o libre albedrio, e o home ou a muller que poñou o pescozo n-o seu xugo, sometense ó capricho de catro esperpentos qu' alá n-as grandes cibdadas levan a batuta porque teñen un gran capital real ou falso, pouco meollo e un traxe pra cada dia d' o ano.

Esta monomanía por parecer o que non se é, ven á xustificar unha porción de máisimas ausuradas e disolventes, que por levarse con tanta frecuencia ó terreno d' a práutica, diron márxen á consabida lotrilla popular

Pra ser señorito
se nacesita
un corre que te K...
e unha lavita.

Así é en verdá; hoxe o fondo non é nada, a forma é o todo; parecer, deslumbrar, enganar, é o gran sacreto d' a vida social.

¡Veni! ás que, por non permitirillo seus recursos ou por n-tural modestia, ofrecen á vista d' o home a belleza sin falsificación! N-elas vóse o defuento, porque non hay obra natural ou humana que careza d' eles; pro este defuento queda sempr' escurecido á veira d' as gracias. que chamaremos "lexítimas e de ley".

A. V. T.

N-ALCOBA D' .UN N...

Dormitorio amoebaldo ó estilo cursi; un leito n-o que ronca un cristiano; sobr' o leito unha pila d' auga bendita; un tocador, mesa de noite, sillas, etc.; algunas prendas de roupa tiradas n-o chan e sobr' os muebles. Empez' á amanecer.

Un gabán escurriéndose d' unha silla.—Paff.

—Unha bota.—¿Qué foi eso?

O gabán.—Que me caín. O noso dono veu denoite e-un humor condanado e me tirou n-a silla, d' a que me fun escurrido pouco á pouco.

Un chaleque.—¿E que direi eu que pasei a noite n-o santo chan? Estou molido; dóname todal-as costuras.

A toalla.—¿E por qué viña o amo tan enfadado?

Unha corbata dend' o espaldar d' unha silla.—En vol-o direi, pois como teño meu asento práto d' a cachola d' o noso amo, sei tod' o que di e hast' o que pensa.

Unha camisa.—Date tono; si non foras por min bó papel farías.

Un calcetin.—Eiquí nadia é mais qu' outro.

A camisa.—Fuxe, hirmán, que cheiras.

Algúnhas prendas.—Que fale a corbata, que fale.

A corbata.—Pois ben, señores, noso amo viña furioso por causa d' unha muller.

A bota.—Si, unha muller; por éla estropeounos & min e á miña hirmán, paséando a calle mais de tres horas á reo.

A camisa.—Está tolo por éla.

O pantalon.—Eu creo que trata de seducila.

O calcetin.—¿Qué immoralidá!
A corbata.—Sodes uns babiós; o amo non está enamorado, nin él é capás de querer á nadia, nin a siñora á quem pretende pode alcender algúnhua pasión, porqu' é lúa com' un demo. O qu' hay é qu' a dama é rica.

A camisa.—¿Non-o é tamén o amo?

A bota.—Eso din, pro non-o parece; xa vedes o estado en que nos atopamos cuase todos nosoutros; eu estou prósima á saltar por duas ou tres partes e miña hirmán saltou xa.

A camisa.—Eu estou pasada.

O gabán.—Eu descosido.

O ca cotin.—Eu teño puntos,

O outro calcetin.—Eu puntos e comas.

Un sombreiro.—Eu estou apabullado.

O pantalon.—Eu con rodilleiras.

Moitas prendas.—E eu, e eu.

O pantalon.—¿Y é rico o amo?

O chaleque.—Si, pol-o meu bolso pasan duros e mais duros.

O gabán.—E onde van á parar?

O chaleque.—O burato que tén n-a bodega.

A toalla.—¿E como se fixo rico?

Un chaquetón moi vello que non dixo pol-o agoira esta boca é mifa.—Escoitade.

A corbata.—Fale, vellino.

O chaquetón.—E toda unha historiá. Eu sirv' ó amo dend' a sua mocedad; d'estonces era eu un gabán moi alegante, logo cortáronm' os faldós e vin á menor; pro sempre fun unha persoa decent' e honrada, e reprobó e reprobarei todolos gatuperios d' o noso amo.

O calcetin.—Picardías!

O chaquetón.—Si, hirmans, picardías: noso amo é un brión.

(Sensacion n-o auditorio; a camisa conmóvese y-estira o pescozo pra ouvir mellor.)

O chaquetón.—Oubide: cando entrei á servir ó amo, tifia ésta dazaoito anos, y-era dependente d' unha tenda de bisutería, d' onde saleu pol-a mala conduta sua; viveu algun tempo d' o qu' había aforrado.... e algo más; logo veu a estrechos, e un dia me fixo un lio e empêñoume. Seis meses pasei n-o encerro, e cando meu amo foi á rescatarme vin-o mais alegre e mellor vestido que denantes.

Levoume consigo; sua vida había cambeado moito; pol-a noite metiase dentro de min, abotóábase e levábame ó campo; ali falaba con homes de mala cata-dura, y-eu oubia ás veces a palabra contrabando.

O calcetin.—Haberá brión!

O chaquetón.—Co-esto e con outros enxugues fixo un capitalillo que foi aumentando c-unha herencia de que s' incoutou, gracias ó seu ixenio, e agora presta ó setenta por cen mensual.

O gabán.—Pois hay xentes qu' o crén un santo.

O sombreiro.—Como que vai en todal-as procesiós.

A corbata.—E confesa duas voces por somana.

O pantalon.—E me ten as rodilleiras escalafadas de tanto ariastrarre pol-as eirexas.

O calcetin.—Hipóqrta!

A camisa.—Si a xente soupeste d' él o que nosoutros, despreciaiba-o.

A corbata.—Pr' os homes pagáuse solo d' aparen-cias.

A FULIADA

O calcetin.—Qué vergonza vivir ós pés de tal home! Un chavo de perro asomándose ó bolso d' o chaleque.—Eu o aborrezco; deseo fuxir d' él, pro non me solta. Oute acerçouselle unha muller trembando co-a fame e o frio e pidelle unha limosna; esta é miña—pensei eu,—agora lárgame; pro nada; dounlle un reñido á probe mullere signeu o seu camiño.

Todos en coro,—¡Infame!

A corbata.—Chist; parece qu' o tirano se desperta. O home que dormia abri' os ollos e presínase; as prendas gardan silencio.

ISAURO L. OCHA.

(Traducido d' "O Anunciador" de Pontevedra)

BOMBAS SIN BOMBO

O derradeiro domingo sintiuse este vecindario tristemente sorprendido con motivo d' a lamentabre noticia que s' estendera pol-o pobo d' haber perecido afogado un individuo d' o escoadron aqui acoartelado.

Así socedera aféutivamente n-a ria e sitio que chamam o Pradío, á onde, segun se dixo, fora a baixar con tres compañeiros mais, que non poideron prestarlle auxilio algúm por qu' o mesmo qu' él non sabian nadar, e tamen s' asegurou qu' estivera á pique de correr igual sorte un cabio qu' á todo trance quería salvado.

Agora que chega o tempo d' os baños, diversion á qu' os rapaces entrégans con furor, non deben esquerer os pais de familia a advertencia que tan triste soceso encerra pr' eles, pois o líquido elemento só cobrará seu tributo de temeridades e descoidos, e poidera non contentarse c'unha sola presa.

Xa qu' é sarmon perdido denunciar as mil infracciones d' os bandos municipais que se cometan, supriçamos á algúm veciño que por mais comodidá arroxan augas pol-as ventanas sobre os transeuntes, percurren qu' aquelas sean limpias, sin grasa nin talladas, pra non estroppear prendas de vestir, como lle socedeu á outro dia á certa siflora á quem sin decir auga vai fótaron!! A perder un par o de bastante valor c'unha rociada d' augas maiores.

Podiamos dar mais pelos e siflás, pr' a estremada delicadeza d' o marido á interessada nol-o impide, e así limitarémonos á repetir: "auga Dios...." pro non tan porca, señora idem.

DENDE MADRIL

E unha nena bunita, os seus ollos parecen duas estrelas,
Y-o alento que despidé á sua boquiña perfume d' azucenas.

Ebelto é o seu corpito cal palmeira d' os países d' o Sur,
E ten un curazón y-us sentimientos com' a mesma vertud.

¿Non sabedes quen e a que eletriza
A miña y-alma toda?
Pois vive n'unha casa en que voshonbo de nenas unha escola.

Tempostrán tempos.

Denantes gustáballle á certa beata a leutura (de gorra, por suposto) d' A FULIADA, sin que lle cheirase ó asucre e pes derretidas; pro dende qu' ésta pixo seu pálpato frent' ó taboadío d' o titiriteiro, parés que lle queim' as mans.

Quer dicir qu' antre un predicator qu' anseña o bó camiño n-a terra o outro que non sabe mais qu' o d' o inferno, vaise vosté co-este último.

Pois bó viaxe, e esquriba en chegando, que leutas como vosté non teñen perda.

Esto si que non foi conto, pois vive e bebe quen o presenciou.

Fai algum tempo chegou unha misión á Betanzos, e non hay pra que dicir qu' as ovellas responden ó chamamento d' os pastores, ind' ó redil en busca d' ansolación d' as suas culpas, e como sempre e com más furor que nadia as mulleres.

Antre estas foi un dia pol-a mañá cedo a costilla d' un albañil, mentras éste quedaba enriba d' un andamio sudando a gota gorda e espusto á romperse o bautismo pr' arañar o pan de cada dia; e cando chegou a hora d' o almerzo e foi o probe á sua casa toponse co-a porta pechada. Non s' andivo con chiquitas e pra castigar n-a muller o esquecemento d' os deberes domésticos, boise á unha taberna onde gastou oito reás en almorzar.

Ven a hora de xantar, e o mesmo que pol-a mañá dou co-as narices contr' a porta d' a casa.

—Suma e sigue,—dixo pr' antre si; e meténdose outra vez n-a tasca, tirou hastri os des reás.

A noite inda non volvera a muller, c-o que fixo o dia completo gastand' oito reás mais que fixeron un total de 26.

Por fin chegou a muller d' eirexa, e como era consiguiente pidelle contas d' a sua vida, contestándolle clara que non poidera confesar e tiña que volver ó outro dia.

—Pois mira,—dixo él,—vas levar tantos paus como reás me fixeche's gastar de mais.

Pro como se lle foi a man, doulle catro paus mais d' os d' a conta, tendo qu' ir á gastar unha peseta pra non quedar por mintireiro.

E fama qu' a costilla aprendeu a leucion de memoria.

ADIVINANZA.

É n-a terra, segun din (dende que se descubren),
o anque din qu' alguén volvou,
n-o creyo porque n-o vin.

Non viñ' alá a neve mal,
anqn' en coiro andar s' estila,
e supolo que s' alquila
dempois d' o xuício final.

A. V. T.

A Sala d' o Criminal d' a Audiencia d' a Cruxiña ditou xa fallo n-a causa siguida sobre desórdenes alcurridos n-esta cibdá fai dous ancs, con motivo d' a esanción d' o imposto sobre postos públicos, condan-

A FULIADA

nando ás procesadas á catro meses e un dia d' arresto maior e aucesorias.

Respetando o fallo d' a xusticia, que non é oustáculo pr' o exercicio d' a caridá, non podemos menos d' escitar a d' as persoas humanitarias en favor d' estes probes mulleres, úneco sostén todas elas de bastantes fillos, que quedarán desamparados dend' o momento en qu' elas empecen a cumplir a condena.

Sabemos con toda certeza qu' a banda de música d' este pobo concurrirá ó Certame que terá lugar n-a Cruña con motivo d' as próximas festas de María Pita, certáme disposto pol-a sociedá "Liceo Brigantino", que xa acordou suvención pr' a dita banda.

A peza que s' ha d' executar n-o Certame, *Obertura de Parasegraph 3.º*, fai xa dias qu' está en ensayo, e a precision con que tivemos o gusto d' oubila executar, augura un trunfo, pr' a nosa banda.

Pr' agora alcúrensen unsa pregunta.

¿Non será un sonroxo pra Betanzos qu' a banda se presente n-a Cruña c-os uniformes escalazados e o instrumental tan cheo de remendos e aballaduras?

Esperamos qu' o señor Alcalde se preocupe d' esto e providencie o necesario pra poñerla en estado decente.

Solucion á charada d' o número anterior:

RO-SA-RIO

CHARADA.

Tercia cuarta dime o crego
si à veira segunda coarta;
mais prima terceira, creo
sairáme, si non s' aparta.

Quer qu' a prima coarta sua
vaya, y-eu non m' acomodo,
pois parés a catro das
e ten a coor de todo.

Imp. d' A. Amenedo Ponte.

PAPELERIA, LITOGRAFIA É OUXETOS D' ESQUIRTORIO

M. ROEL

54 Real 54—Cruña

Compreto sortido en todal-as crases de papés de fio pr' oficinas—de folia longa pra predecos e obras—doncos papés pequenos e comerciais pra cartas—tintas, lapiceiros, prumus e canto fai falla n-os esquirtorios—compretos y elegantes útiles pra dibuxo, así como tamén artículos pra famar—Abondante sortido

de libros moi cuquinhos pra rezar n-a eirexa señoras e señoritas—Libros con siguiéiros pra contas.

Ista casa conta n-o seu espacioso taller c-unha dúcia de rapaces, uns que rascan n-as pedras facendo bonitiñas consas c-os lapiceiros d' aceiro y-outros que fan votar d-as máquinas follas abondo con vistosos coores; e o mesmo fanse traballos pra oficinas civiles e d' os corpos armados, papés c-o timbre moldeados, empresos pra contas, libros siguiéiros de mais ou menos follas, como fanse tamén moi boas TARXETAS brancas, de loito e con escudos d' armas ou d' outras cousas. Etiquetillas pr' os faires, botellas de viños, cervezas e pr' as tendas de medicinas. Letras de xiro, cartéis, cartas co-a relación empresa pra non tér qu' esquirbir tanto n-os comercios, esquielas pra dar noticia d' os casamento e outras cousas que por ser moitas se m' esquençen.

PAPELERIA, LITOGRAFIA

E OUXETOS D' ESQUIRTORIO

M. ROEL—CRUÑA.

Se vende una

LANCHA DE VAPOR

propia para la ría de Betanzos, en MITAD DEL PRECIO.

— CONDICIONES —

Eslora ó largo . . .	35 piés
Manga o ancho . . .	7 1/2 "
Puntal ó largo . . .	4 1/2 "

Tiene muy buena marcha y es propia para recreo y pasaje.—Es de nueva construcción con cámara cerrada y siete ventanas para ventilación y recreo de las personas que lleva.—Puede llevar dentro de la cámara ocho pasajeros cómodamente, además de los que se pueden acomodar en el resto de la embarcación.—La caldera es horizontal, "tipo Locomotora" probada 200 libras de presión hidráulica para poder trabajar a 100 libras de vapor con toda seguridad.—Tiene máquina vertical con un cilindro, de muy fácil manejo y fuerza de tres caballos con un consumo moderado de tres quintales próximamente de carbón en un trabajo de 10 horas.—Reune la buena condición de que el que maneja la máquina puede hacerlo al mismo tiempo al timón por estar este colocado sobre el tubo de la toma de vapor.—Su forma es muy elegante, fuerte en maderas y bien pintada.—Está provista de cadenas, anclas farol de ordenanza (luz blanca, verde y encarnada toldo encerados, carboneras, algibes, llaves de máquina y palo para poder empavesar banderas.

El coste primitivo es de 32.000 reales y se vende por la mitad de precio ó sean 16.000 reales.

Para informes en el café del Canton de Betanzos.



CENCERRADA SOMANAL—PRÓS XUEVES D' O ANO TODO;—GRATIS, OS QUE DEN UN REAL;—Y ÓS QUE NON... CINCO CAS SOLO.

A MANIA DE MEU AMIGO.

A historiada sagrada danos razon de como Deus, despois d' haber feito pol-as suas propias mans e d' un pouco de terra á pírmeiro home, infundéulle n'hi un poplo a y-alma; pro non nos di si logo qu' houbo feito a muller d' unha costela d' o home mentreas éste botaba a siesta, doutona ou non ha douto d' y-alma somellante, omission que, por mais que se sobrentenda qu' esta feiticeira metá d' o xánero humano é moralmente igoiá á outra, dá márxen á que moitos, y-entr' elles un amigo meu, casado, por mais señas, cunha muller que segun dí lle trae a casa e os meolos revoltos, xure o perxute qu' ás mulleres non Iles sal nunca a mola d' o xuicio.

Este tal meu amigo de quen dixen qu' abonda en tan disparatada opinion, leva dende que se casou unha anotacion diaaria d' os caprichos, manias e polémecas que tivo coa muller n-oas vinte anos que fai se casaron, anotacion que de ser certa espantaría a calquera, pois figurán u-élio catro mil e pico d'antoxos de menor coantia (siguendo a crasicación qu' él fai), cerca de mil seis centos antoxos criminais, quinientas manias por cousas opostas entre si, e des mil polémecas d' as qu' a metá son en pró e a outra metá en contra.

—Agora e sabendo qu' a miña muller tén xa cincoenta anos—dime él moi trunfante despois d' amontarlarne sua estadística,—haberá quen me diga cando lle sal a mola d' o xuicio á muller? E o qu' eu digo: si hay immortalidá pr' as almas racionales, a muller non chega á éla, porqu' a pas d' o ceo non coadra os seus gustos e non quedaria na groria titero con cabeza.

—¡Xesús, María! Ti estás parvo? Porqu' á ti che salira a muller coxa non é razon pra que coreen total-as demais. Non temos moitas mulleres ilustres pol-o talento e pol-o heroísmo, e outras más, canonizadas pol-a Eiroxia?

—Eso non di nada en contra d' o qu' eu sostengo. Todas esas mulleres poideron despregar talento ou

santidá superficial sin que por eso tiveran mais xunicio qu' a miña, e sin dúbida faciano por imitación, cásique com' os loros ou os monos. O xuicio revélanse n-as anciás e n-o orden lóxico d' o discurso mais que n'unha verborrida mais ou menos congruente, e en prosta d' elas ali les a miña parenta que fale con d' libro e obra como te levo dito; é caritativa o gato que lle da un arafazo e á min qu' a mantello rómpeme a testa o candil ou a cuanca d' o caldo; cuando limpia cocicia sirve a comida n-oas pratos suicos; si fai sol fai me coller o paraguas e si chove dí que non é caso de botalo de perda; pola mafian búrlrase d' as conocidas que quedaron pra vestir imáxes ou casaron mal e pol-a tarde maldice a hora en que me conceceu; hoxe refre cunha veciña e mafian estreitan as relaciós: en fin, meu amigo, levo vinte anos de casado sin poder atar un cabio d' xuicios d' a miña costela, y-esto corroborame na créncia de que cando Deus soplou o espíritu com' ainda non estaba a muller feita quedouse sin él.

—Oubindote, non parece sinón que nolos homes temos a canduta tan axustada á razon que non damos un paso fora d' éla; pro si's invirtiran os papés, e fora a tua muller a que levase a conta e razon d' os disparates que tehas feito, veríamos quen ganaba á quen.

—Eu non che nego qu' os homes incurrimos en faltas inda mais graves qu' as d' as mulleres; pro distinguendo d'as d' elas en que van sempre encamifadas á un fiu qu' as xustifica, anqu' este sea un vicio; e esto é o contrario d' o que se observa n-elas. Exemplos: si ves que refen duas mulleres, porgüntalles o por qué, y-elas mesmas non che podrán dar razon. Oubes qu' un grupo de mulleres estánse rindo hastra facer aquela dilixencia; querán diante unha danza de monos? ¡al! non hay tales carneiros; rins... d' a risa. ¿Pois qué che direi d' o seu choros? Choran d'alegría, de tristeza, de gusto, de dolor; choran si acarician, si morden, si dan, si quitan, si enriba, si abaixa; en fin, qu' en total-as emocións teñen bagos pra facer encher a marea. E n-esta inconsciencia d' os afectos, ¿non descubres ti a razon d' a sin razon?

A FULIADA

Tí deixaste guiar por esa manía que tés metida n-a testa e que non te deixa distinguir ben de coores. Si pol-as auciós has de xusgar d'a racionalidá d'os séres, a humanidá quedaba moi por debaixo d'as demás especies, que como guindadas pol-o instinto obran mais conformes co-a naturaleza e pol-o tanto co-a razon.

(Continuarásc.)

BOA FEIRA!

Quen vai á festa,
rómpeñ' a testa
e perdi' o que ten,
boa festa lle vén.

(Popular)

I

Salin eu d'a miña casa
un luns pol-a mañan cedo
á cabalo d'o meu faco,
qu' lixeiro com' o vento.

Levaba n-a miña alforxa
un lacon cuáseque enteiro
unha bola de pan trigo,
un bon anaco de queixo
e unha cabaza de viño,
un bon víño, víño vello.

N-a bulsa levaba cartos
Pr mercar un xuvenco
n-a feira qu' o veintesseis
qu' hay á caron de Lestedo.

Puxen o faco en camiño,
ende chegando xa preto
de Marrosos, arredelime
pol-o medio d' os centeos
e-o fin de pillal-o atallo
e chegar á feira fresco.

Arrecadei o meu faco
pois o chan é moi barrento,
e estones pídieum' o corpo
botar un grollo, e boteino.

II

Eran asi com' as oito;
moi ausente estaba o tempo,
chiaban os paxariños,
o sol duraba os penedos;
entr' as herbas d' a curtina
rebule a auga d' un rego.
Sobr' as follas d' os carballos,
d' as silvas, d' os castiñeiros,
moitas pingotas d' orballo,
que de noite foi caendo,
relocian cuasamente,
como estrelas, dende lexos.
O ver tan garrid' o campo
(pardiolas que daba xenio!

III

Chagand' ó pé d' un muíño
vin, sentada n-un portelo,

a rapaza mais garrida
qu' à terra botou o céo.
Unha cariña mais branca
qu' un limpo pano de lenzo,
uns ollos qu' alumearban
mais qu' a lúa de Xaneiro.

Cando cheguei cabo d' éla
dixenlle:—Lévem' o demo
si vin ollos mais garridos
qu' eses ollos qu' estou vendou:
nin boca mais pequenifa,
nin uns labres mais bermellos,
nín un corpo mais xeitoso,
nín unhos pés mais pequenos.
—Cómo te chamas, roxiña?

—Cando estou no ilónxe á berros
—Seique tés gana de lerla!
Fala, neninha, tés medo?

—Ból!, xa sei que me noncomes
pois teho dur' o pelexo.

—Non molas, dim' o teu nome.
—Pra que queres ti sabelo?
Pois é o mesmo que me puxo
despois de nacer, o crego.
Vaya, sigue o teu camiño
pois aquí perdel-o tempo.

—Abofellás! vaya un conto!
Vidiña, non che dou creto.
Serás brava com' un toxo
tan garrida cara tendo?
Vamos, rapaza, sé boa,
e dime axiña, n-un verbo,
cal é o nome que n-a pía
os padriños che puxeron.

—Pois ben: xámome Xoana,
Marica, Pepa, Remedios,
Cristoba, Esteba, Farruca,
Catuxa....

—Tou, tou qué deño!
Di que te chamas pronóstico
e mais presto acabaremos.
Pero, miña filla, abasta
de parolas, que xa lelo
me volves; fala ben, nena,
dim' o teu nome de certo.

—Boitel! pois chámome Andresa
—Dend' agora lle prometo
A San Andrés de Teixido

Unha festa n' este inverno.

Agora, pois, miña xoya,

Vamos, que inda teho tempo,

A votar xuntos un trago

E ademais un párv de netos.

—Diosch' o pague mais non como

Non tendo conocemento....

—Va, va! Déixate de contos;

Un bon lacon aquí lévo,

Pan e queixo, e levo un viño

D' aquél que dá folg' d' péito.

IV

Por fin, foi aquela nena
Pouco á pouco amolecendo:
Collin as miñas alforxes,

A FULIADA

Comemos como dous nenos
E votamos uns bons tragos
D'aquel viño milagreiro.
Oímos tocar ás doce
N' a parroquia de Lestedo
Estabámos tan adiante...
Chegáramos á poñernos
Tan maduros como figos...
Cando (quixera esquecelo)
Apareceron dous mozos
Pórticos como dous esteos,
E votáronse enriba
Mallando en min tan á éito.
Que, presto, n' o chan cainme
Perdend' o conocemento.

V

[Moi escura estaba a noite!
Recordei... e tiven medo,
Cando volví a o sentido
C' os meus ollos entabertos.
Alembreime de Andresíña
D' os que o corpo me moéron,
D' o meu faco, d' as alforzas
D' a bursa d' o meu difeiro.
Cacheéime... nin un carto:
E nin faco, nin alforzas:
Todo foi á dar á o inferno.
Erguiume, non sin traballo
Con tan negros pensamentos,
O corazón tan ferido,
Tan doridolos lomedros,
Que camiñar non podía
Aquí cayo, aló tropezo,
Poiden chegar hastas a casa
Cand' estaba amanecendo,
Atirisido de frio
E bén quent' o meu pelexo.

VI

Deprendan todos de min
Os rapaces d' estes tempos.
Quén quixer collar a freita
Que s' atopa no hórto alleo,
Perde, como min, a besta
As alforzas, o difeiro;
E, de contra, sao' o corpo
Que mesmo da noxo velo,
Con más paus, que léva o niño
Para tirarll' os tormentos

Benito Losada.

BOMBAS SIN BOMBO

O anocetecer d'o martes, e n-o preciso momento en que volvian d' a romaría de San Payo multitud de veciños, entre os que tornaba tamen moi alleo á disgracia que se lle deparaba, don José Navaza, dono d'unha acreditada tenda d' a Riveira, decorouse n'esta un

incendio que n'un principio presentábase en proporcións amenazadoras.

O lume iniciouse nun pequeno depósito de gas n-o que caeu a chispa d' un mísse o que quixo encender o quinqué a dona d' a tenda; esta pra evitar o que de todas maneiras sucedeu, colleu o depósito xa inflamado, pra tiralo á calle, sufriindo queimaduras n-os brazos e peito, e ó tomarillo d'as mans o mozo José Rey Sanmartín, conocido pol-o *Jarulo*, tivo a disgracia de que lle salpicara gas n-a roupa n-a que prendeu o lume, e vendo que nin con terra nin polvo lograba apagalo correu en dirección á inmediata rúa á que se tirou, tendo, en medio d' a sua disgracia, a sorte d' encontrala chea, pois de non ser así houbera perecido abrasado.

O señor Navaza, desentendéndose noblemente d'os intereses materiais e atendendo solo á salvación d'as persoas e d' a sua muller en particular en quen prendea tamen o lume, tivo a precaución d' arroxalá á terra sofocando a llama co-o chaquetón que se quitou e hastia con seu mesmo corpo, interesándose en seguida pol-o intrépido mozo que tanta abnegación e serenidad demostrara.

Moi pronto centenares de mulleres con sellas d' auga n-a cabeza presentáronse n-o sitio d'o siniestro, e como sempre multitud d' homes acudiron á combatir o terrible elemento, qu'equí, onde tan descoñidado está o servicio contra incendios, supleo a filantropia e valor d' os naturales; a bomba municipal chegou moi á tempo, e dirixido o tubo con acerto por Jesús Raposo, á quem o encomendara don Jesús Núñez, comenzou á decrecer o lume, logrando así salvar milagrosamente parte d' a casa e cuase tod' o almacenado, entr' o qu' había un bocoy d' augardente e outro d' aceite.

As autoridades, forza de Carabineros e a de Caballería presentáronse inmediatamente; e como sempre en todolos incendios qu' hay, ali estaba d'os primeiros o teniente don Mariano Sanz, en mangas de camisa, arroxado, autivo e intelixente con' o mellor xeito de bombeiros; á pouco chegou a bomba d' o señor Echevarría bastante á tempo pra concluir d' extinguir o incendio qu' ás des o media foi vencido pos comproto.

O presente a señora de Navaza sigue relativamente ben.

O José Rey Sanmartín, xoven de 22 anos e que s' alcontra bastante grave por efecto d' as queimaduras sofridas n-a espalda, cabeza, mans e brazos, é fillo d' un vello e probe zapateiro e cuase inaco sostén de seu país.

Fiense vostedes.... d' a leite e non corran.

Pasan de centos as persoas qu'en Madrid foron acometidas de cólicos qu' achácanse á adulteración d' aquel articulo.

Algunas d' os tales cólicos presentan síntomas someliantes d' o cólera, e non deixarian de solo si non houbera pasado á mellor vida (politicamente) Romeiro Robledo.

A FULIADA

Sempre Madril tivo mala leite pr' o resto d' España.

E vaya de falsificaciós.

Todos sabemos que n-os tempos que corren non s' atopa viño puro nin por un ollo d' a cara, sinón mais ben unha tintura sobr' a base d' o alcohol alemán, d'o que se desterra un veneno que se produce n-a destilacion por medio d' outro corrosivo, o ácido sulfúrico; pro é o caso que parecéndolleis moito luxo ós destiladores alemanos o emprego d' a pataca, botan man agora de toda clase de desperdicios, de maneira que muitos d' os líquidos espirituosos que bebemos venen di-reutamente d' as traperias, d' as madeiras vellas e hastro.... j-d' os escusados!

A maior parte d' os preódecos iniciaron xa unha valente cruzada contrá a introducción d' os ditos alcoholes perxudiciales á salú, á destilería e ós cosecheiros españoles; pro como non é d' esperar qu' o governo adóute medidas radicales pra oponerse á invasion, nin as autoridades locales han mostrar mais celo pra descubrir e castigar ós espendedores de bebidas falsificadas, bó será qu' os consumidores comencemos á señalar c-o dedo moitas boticas onde nos venden viño que non veu a parra nin o lagar.

Como medida de defensa contrá a plaga alemana, aconsellamos a resistencia pasiva, que consiste en volver as espaldas ós establecimentos en que venden ese rexalar, que non son poucos en Betanzos.

EPÍGRAMA

Un testo á Pepa Aguiar
funtou d' a ventana Anton,
e chegándoo á averigoar
éla chamoule ladron.
— Os berros, quix' o home d' éla
saber que cristo era aquel.
— Qu' ha de ser? Qu' Anton Vilela
rouboume o meu perixel.

A. V. T.

Por decoro d' o arte que profesa, aconsellamos ó señor Martí que cando haxa de formar orquesta con calquer ouxeto, escolla os múscos que mais confianza lle inspiren, e non por facer á todos participes d' as ganancias leve certos pipis qu' o espoñen á un fracaso com' o d' o miércoles último ó executar un bonito número d' o repertorio d' a compañía, que foi cruelmente sacrificado, dando lugar á qu' un monigote convirtise a perna direita en batuta.

Allí houbo de todo, e cando uns chegaban ó trío outros saltaban á sifal, sin que fora posible encaixonálos á pesar de cantarles o papel.

Nada, nada; o que queira ganar que faga méretos estudiando.

Solución á charada d' o número anterior:

CLA-RA-BO-YA

CHARADA.

Prima, n-a música;
tres, é negar
(penso qu' adverbio
n-o catalán);

Segunda tercia
pode chegar
hastra á rodilla
n-esta cibdá.

A todo, fixome
idem pasar
hastra qu' un troco
fixen con Xan.

A. V. T.

A solución n-o número que ven.

SEMBRANZA.

Amigos insoparables
Mais que amigos, doushirmás,
Xuntifós en total partes
De cote os alcontrarás;
Un insiña á quem non sabe
Ó lado de Don Marcial,
Y-outro en frente d' o muelle
Veralo vendendo sal.

Lengüetilla

Imp. d' A. Amenedo Ponte.

FARMACIA DEL LIC.º LAFONT Canton Grande, n.º 39

En esta acreditada farmacia, donde no existe gran depósito de aguas medicinales recogidas por método especial, se venden las LEGÍTIMAS minero-medicinales de Mondariz, del Incio, Verin, Loches, Cabraña y Vichy.

—39, Canton Grande, 39--

CAPOTAS E SOMBREIROS

CON ARREGRO ó ÚLTIMO FIGURIN D'A M.

Fonte d' Uta, 11, principal

De paso n-esta cibdá doña Estrella Junquera procedente de Madril, ofrece ó público as últimas novedades n-un grande e variado sortido d' os ditos ouxetos, á precios moi aconómicos.

Non s' atopen n-a Cruxia as novedades que teñen o honor de ofrecer á señoras e señoritas.